

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 6 DE SETEMBRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:07 horas do día 6 de setembro de 2012, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora accidental:

Dona M^a Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 731/2012 á 857/2012

Os concelleiros danse por informados.

2. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal contra a suba do IVE

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 3 votos a favor, 1 do grupo socialista e 2 do grupo do BNG e 3 abstencións do grupo do PP da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 23 de xullo de 2012:

<<O Goberno do PP volveu a aprobar outra gran batería de medidas que responden ó que xa parece ser o seu único obxectivo: que os cidadáns cada vez vexamos máis e máis mermados os nosos dereitos.

Nesta ocasión, o PP decide pasar a súa tesoira ó IVE. O Imposto sobre o Valor Engadido é un imposto xeral sobre o consumo que recae sobre todos os bens e servizos utilizados en España, calquera que sexa a súa orixe. Dito imposto aplícase dende o 1 de Xaneiro de 1986.

O día 13 de Xullo, o Goberno do PP aproba unha nova subida do IVE, que se fará efectiva a partires do 1 de Setembro (coincidindo case có inicio do curso escolar), e que se traduce no seguinte:

- IVE xeral: aumentará do 18 ó 21%. É o IVE que se usa por defecto cando non resulta aplicable ningún dos outros tipos.

- IVE reducido: increméntase do 8% ó 10%.

- O chamado IVE súper reducido será o único que se manteña, neste caso, no 4%.

De este modo, produtos como a roupa e o calzado, bebidas alcohólicas e tabaco, mobiliario ou comunicacións, todos xa dentro do IVE xeral, pasarán a gravarse dende o 1 de setembro, num 21%. No obstante, a estes produtos se engadirán tamén outros que estaban ata agora no IVE reducido, e que son os que máis subirán: dun 8% ata un 21%, trece puntos porcentuais.

Entre os produtos que mais van a ver aumentado o IVE, atópanse as entradas a eventos deportivos de carácter aficionado ou espectáculos, entradas de cine, teatro, circo, parques de atraccións, concertos, bibliotecas, museos, exposicións... que verán incrementado o seu IVE do 8% ó 21%. Curiosamente, as entradas dos malamente chamados "espectáculos taurinos" (xa que de espectáculo non ten absolutamente nada) quedan excluídas da subida do IVE.

Tamén os produtos de óptica - gafas graduadas y lentes de contacto - que ata agora formaban parte do IVE reducido do 8%, pasarán dende o 1 de setembro a cobrarse có IVE do 21%.

Dentro da área de servizos, os que verán incrementado o seu IVE son actividades como as adicadas á estética e perruquería, discotecas, servizos prestados por empresas funerarias e servizos de cremación, así como aqueles servizos de asistencia sanitaria e dental.

Tamén aumentarán do 8% ó 21% os servizos de limpeza de vías públicas, parques e xardíns públicos, así como os servizos de recollida de lixo, tratamento de residuos, limpeza de redes de sumidoiro, desrarezación e tratamento de augas residuais. Inclúense tamén servizos de recollida e tratamento de verquidos en augas interiores ou marítimas.

O tipo superreducido do 4% para a compra de nova vivenda pasará a ser de tipo reducido, ou sexa, do 10%. Neste caso, o recorte vai máis alá, xa que a partires do 1 de xaneiro de 2013 se suprimirán o IRPE a dedución de compra por vivenda que se viña aplicando.

A data escollida para facer efectiva a subida deste imposto, o 1 de setembro, xustifícase, segundo o Goberno, en que "Agosto é un mes moi importante para a actividade turística e comercial, mentres que setembro vai a ser un mes moi malo para o consumo". Olvida o Goberno que o mes de setembro coincide có inicio do curso escolar, e que como tamén hai recortes na área de educación, os pais e nais van ter que facer verdadeiros esforzos para poder facer fronte ós gastos que xa supón o inicio do curso, agravado este ano pola subida do IVE.

Non cabe dúbida que esta medida, engadida a todos os recorte aplicados ata agora polo Goberno do PP, ven a supor outro atentado máis contra a cidadanía, que pouco a pouco (ou habería que dicir cada venres) ven a sufrir un novo afogo por parte do Goberno. Medida que non só esta moi lonxe de reflotar a economía, de fomentar o emprego ou de paliar a crise. Máis ben pola contra, a subida do IVE, entre outras moitas cousas, conlevará a baixada do consumo e rematará de afundir ós traballadores autónomos. No 2010, cando o IVE pasou do 16% ó 18%, a recadación neta do Estado, a través dos impostos, caeu no 32% debido á baixada do consumo. Máis impostos implican menos actividade económica e menos consumo, o que implica máis paro e retroalimenta o problema de base do país.

O Goberno fala de compensacións á cidadanía, pero non di nin cando nin cómo, o que nos leva a pensar que non haberá tales compensacións.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1.- Instar ó Goberno de España a paralizar de xeito inmediato a subida do IVE.
- 2.- Dar traslado ó Goberno Central do acordo aquí acadado.>>

Inicia o turno de intervención a concelleira do grupo mixto dona María Carmen Martínez Rodríguez quen, tras a lectura da moción, pide o apoio aos grupos municipais para a súa aprobación.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, quen anuncia o voto positivo porque cre que dentro do desastre absoluto de xestión que está a levar a cabo o PP no Goberno de España, dende o seu punto de vista, esta é unha das medidas máis regresivas e inxustas para os consumidores. Di que non comparte a suba porque prexudica sobre todo a quen menos ingresos ten e ademais aos autónomos e pemes e que a experiencia de xa case que un ano de goberno do Partido Popular adoptando medidas como esta estase a ver, xa que con medidas como a reforma laboral, que destruíu emprego, e a suba de impostos, estase reducindo o consumo cada vez máis, polo que se xera menos actividade e máis paro, o que provoca que os ingresos do Estado descendan cada día máis.

Considera que a suba do IVE é dobremente inxusta porque xa se subiu fai menos dun ano e esta vez se trata dunha suba brutal que afecta a sectores sensibles, coma pode ser o cine ou os espectáculos, o material escolar e os libros de texto.

Di que o Partido Popular quere obter cartos prexudicando á inmensa maioría de persoas en vez de gravar as grandes fortunas.

A continuación intervén o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que están en contra da suba por inxusta e non xustificada, xa que só hai que ver como o veciño Portugal que ten un IVE do 6%, 12 % e 23% obtivo un incremento da recadación dun pírrico 1%, e o van solucionar aplicando máis IVE a aqueles tipos, o que vai provocar un incremento do fraude fiscal. Di que o PP está indo na dirección equivocada se o que quere é incrementar a recadación, xa que se pode actuar sobre o fraude fiscal, sobre as grandes fortunas, sobre a igrexa católica ou sobre as SICAPS, e que os cambios continuos xeran inseguridade xurídica sobre os autónomos e os propios comerciantes e en toda a xente afectada polo IVE, motivo polo que anuncia o voto a favor da moción.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que anuncia que o goberno municipal se vai abster respecto desta moción e que entende que esta medida non é de bo gusto adoptala pero que estase a vivir un momento excepcional e que a economía precisa dun incremento da recadación máis áxil a curto prazo para cumprir cos obxectivos acordados polo goberno de España con Bruselas. Di que hai que saber por que se adoptan estas medidas, que o presidente ao que lle toca pelexar coa situación que está a vivir o país é o Sr. Rajoy, pero que antes gobernou o PSOE e algunha responsabilidade derivarase da súa mala xestión e dos apoios que tivo naqueles momentos para aprobar aqueles orzamentos irrealis.

Considera que agora se están adoptando unha serie de medidas que non se adoptaron cando tocaba, que o compromiso da redución do déficit xa foi feita por Zapatero que se comprometeu en rematar o ano nun 6% de déficit e acabou sendo dun 8%; que dixo no ano 2008 que España tiña un dos sistemas financeiros máis sólidos e agora, cinco anos despois, cando o actual presidente só leva gobernando 8 meses, hai que pedir unha axuda para o sistema financeiro; que hai unha débeda sanitaria arrastrada dende o ano 2003 en infraestruturas, no sistema eléctrico, nas empresas públicas, polo que as medidas que hai que tomar son máis drásticas.

Anuncia a abstención do seu grupo porque, ademais do exposto, consideran que a capacidade deste Pleno nesta materia non é moita.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que di que o PP se escuda na herdanza do anterior goberno, pero que no ano que leva gobernando desmantelou o estado de benestar coa excusa do déficit, xa que parece que o único obxectivo é ter déficit cero.

Na súa opinión en época de crise o que hai que facer é endebedarse, porque é o Estado e as Administracións as que se teñen que endebedar e non as familias, xa que hai que crear infraestruturas e oportunidades de emprego para saír da crise, tal e como se demostrou noutras crises no pasado.

Afirma que o desvío do déficit provén principalmente das Comunidades Autónomas e non do Estado, comunidades gobernadas na súa maioría polo PP, polo que non é culpa do goberno de Zapatero que Valencia ou Murcia teñan que pedir un rescate, así como que tampouco é culpa de Zapatero que o Sr. Rodríguez Rato presida Bankia e estea a pedir decenas de miles de millóns de euros para salvar a entidade, ou o déficit da tarifa eléctrica que vén de tempos do goberno do Sr. Aznar cando modificou as condicións.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que para o seu grupo só hai unha cuestión que é que está en contra da suba do IVE igual que o estaba Esperanza Aguirre e o Partido Popular no ano 2010, porque prexudica á maioría e eses argumentos debían ser os argumentos para estar a favor da moción, pero semella que estes argumentos son reversibles.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

- 1. Instar ó Goberno de España a paralizar de xeito inmediato a subida do IVE.**
- 2. Dar traslado ó Goberno Central do acordo aquí acadado.**

3. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal contra á redución da renda básica de emancipación

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 4 votos a favor, 2 do grupo socialista e 2 do grupo do BNG e 3 abstencións do grupo do PP da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 23 de xullo de 2012:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No BOE número 168, de data 14 de Xullo de 2012, na Sección I, Páxina 50440, e continuando coa liña de recortes do Goberno do PP, se manifesta textualmente:

"...Debido a los motivos anteriormente expuestos de situación económica se hace necesario reducir el importe de la ayuda abonada por el concepto de Renta Básica de Emancipación de los jóvenes en un 30%, siendo por tanto la cuantía mensual de la ayuda de 147€. Así mismo, se estima que el derecho a la percepción de la ayuda mensual no podrá ser objeto de reactivación en el caso de precisar nueva resolución por considerarse ésta extemporánea.

Por otro lado, esta ayuda a la emancipación y que facilita el pago del alquiler, no será compatible con otras ayudas o subvenciones establecidas en la normativa autonómica."

Esta baixada na cuantía económica da axuda para a emancipación ven a supor outra inxustiza máis. De 210 euros de axuda, pasamos a 147, o que supón 63 euros mensuais menos. Os xóvenes que pretendan ou queiran independizarse xa o teñen bastante difícil porque, en primeiro lugar, non atopan un traballo que lles permita mercar vivenda, nin sequera alugar, se non é mediante esta axuda, xa que os que conseguen atopar un traballo é en condicións precarias, con salarios inferiores ós que lles corresponden, contratos temporais... Con esta situación, ninguén lles aluga unha vivenda. A axuda para a emancipación lles abría unha porta, a pesares de que as axudas chegaban sempre tarde. Pero, cando menos, chegaban.

Con este novo recorte, a axuda á emancipación redúcese un 30%, redución importante se temos en conta a situación laboral de todas as persoas que solicitan dita axuda. Este recorte contribuirá a que os xóvenes tarden cada vez máis en independizarse, e as persoas que teñen unha vivenda e que poderían alugala, contribuíndo tamén deste xeito cós impostos derivados de dito aluguer, sigan tendo a súa vivenda baleira. Como se sole dicir: "Este é o peixe que se morde a cola".

Una vez máis, o Goberno do PP aplica os recortes contra a clase traballadora, como así o ven facendo dende que decidiu que somos precisamente os traballadores os que debemos sufrir todos os recortes que se fagan, ata chegar a deixarnos sen ningún dos dereitos que se foron conseguindo. Por suposto, en Esquerda Unida rexeitamos este recorte.

De acordo con todo o exposto, o Grupo Municipal de Esquerda Unida do Concello de Fene, presenta a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Esixir ó goberno Central que anule e deixe sen efecto a redución do 30% no importe da axuda á emancipación, mantendo dita axuda na cuantía inicialmente establecida de 210 euros mensuais.
2. que se de conta ó Goberno de España dos acordos aquí acadados.>>

Inicia o turno de debate a voceira do grupo mixto, a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen di que nesta ocasión o Partido Popular recortou nun 30% a renda básica de emancipación que era de 210 euros, mermando así a capacidade de emancipación daquela xente que ten contratos precarios e as posibilidades daqueles que alugan as vivendas. Considera que se trata doutro recorte máis contra a clase traballadora que é quen está a sufrir todos os recortes e son os que están a arrimar o ombro.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que anuncia o apoio do seu grupo á moción e propón unha emenda ao punto primeiro que

engada que se abra para novos solicitantes, xa que ademais de reducir dita renda para os que xa a disfrutaban tamén se pechou a axuda aos novos solicitantes.

De seguido a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez manifesta que acepta a emenda.

Prosegue o concelleiro don Iván Puentes Rivera dicindo que esta medida dificulta a emancipación e supón a volta ao pasado, ao modelo da especulación inmobiliaria que levou á situación actual, cun prezo desmesurado da vivenda. Ademais, engade, suprimiuse a axuda do aluguer ao mesmo tempo que se anunciou a dedución fiscal para a vivenda nova e logo Europa dixo que non se podía facer, polo que se tivo que anunciar que non ía ser posible, poñéndose así de manifesto a tentativa de por fin ao mercado do aluguer e potenciar o mercado de venda de vivenda, é dicir, volver ao modelo especulativo de venda de vivendas.

Remata dicindo que como non comparten este modelo nin a supresión desta renda, van votar a favor.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, que di que van votar a favor na liña da moción anterior, xa que o obxectivo é obter fondos da maioría e pagar os custes da mala política económica do Estado dos derradeiros anos, controlando deste xeito a débeda pública a expensas das persoas e ata uns extremos extenuantes.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a situación actual non é a mellor e que non é do agrado de ningún gobernante a supresión de prestacións. Non obstante di que este é un recorte e non unha supresión, que se debe á situación económica actual e que o propio Decreto do ano 2007 que regulamentaba esta axuda xa prevía a súa caducidade aos catro anos. Anuncia a abstención do seu grupo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e con 6 abstencións do grupo do PP, coa emenda proposta polo grupo municipal socialista.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

1. Esixir ó goberno Central que anule e deixe sen efecto a redución do 30% no importe da axuda á emancipación, mantendo dita axuda na contía inicialmente establecida de 210 euros mensuais e que se abra para novos solicitantes.

2. Que se dea conta ó Goberno de España dos acordos aquí acadados.

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG contra as medidas económicas e reforma do réxime local do goberno do PP

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 1 voto a favor do grupo do BNG e 4 abstencións, 1 do grupo socialista e 3 do grupo do PP da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 24 de xullo de 2012:

<<MOCIÓN CONTRA AS MEDIDAS ECONÓMICAS E REFORMA DO RÉXIME LOCAL DO GOBERNO DO PP

Exposición de Motivos

O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos.

O obxectivo que se persigue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais. Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas.

En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes –amplísima maioría dos concellos galegos – potenciando ás deputacións provinciais.
2. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.
3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.
4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de Nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.>>

Inicia o turno de intervencións o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, que di que a moción toca un aspecto que cre fundamental e moi importante para os concellos porque se trata dunha medida que afecta ao réxime local sen ter en conta ás Comunidades Autónomas nin aos axentes municipais. Tras dar lectura da moción o concelleiro di que a moción recolle parte das propostas anteriores pero incide nun aspecto fundamental, isto é, na autonomía local que se ve atacada con esta reforma, xa que os concellos de menos de 20.000 habitantes serán pequenas delegacións do que lles manden facer.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que di que con estas medidas os concellos quedan baleiros de contido, vulnerándose as regras do xogo do Estado que se construíu cun mínimo de consenso nestes 30 anos de democracia,

xa que non se pode entender que en nome do aforro e da crise o que se faga é reducir democracia e reducir representatividade aos cidadáns.

Considera que se pode estar de acordo ou non en que ao país lle sobran institucións, políticos, que se poida cobrar máis ou menos, pero di que está seguro que o que non sobra na Administración non son os concellos, senón as deputacións provinciais, que si son administracións inútiles, trasnoitadas e antidemocráticas, pois non son escollidas polos cidadáns, senón que ao final é presidente da deputación provincial ou deputado quen diga o partido político de turno; por este motivo, cre que reforzar estas administracións fronte aos concellos, que é a Administración máis próxima aos cidadáns, no momento actual no que se di que é necesario que haxa máis participación, lle parece unha barbaridade e un descurso que, coa mala imaxe que teñen os políticos, se pode vender ben pero non é eficiente nin realista.

Ademais, engade, a maior parte dos concelleiros non cobran e onde cobran é pouco en relación con outros niveis da Administración, polo que cre que é evidente que o PP fai isto para amarrarse ao poder e aferrarse ás institucións, porque se quixera reducir políticos e Administración o que realmente faría é fusionar concellos por lei, pero non o fai porque eses concellos computan para determinar quen gobernará nas deputacións provinciais e, por tanto, quen xestione os cartos.

Afirma que ademais o PP, por máis que teña maioría absoluta, non pode alterar o sistema democrático do país sen consensualo coas demais formacións políticas, polo que esta maneira de proceder é o máis parecido a un golpe de estado democrático.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere incidir en proporlle ao goberno a idea de cambiar a lei electoral de xeito que todos os grupos políticos teñan as mesmas oportunidades nas eleccións.

Respecto das deputacións provinciais di que son unha herdanza, como pasa na Deputación Provincial de Ourense que pasa de pai a fillo.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puentes, que anuncia o voto en contra da moción porque a considera de tipo preventivo, xa que as medidas das que fala son só un anuncio e que actualmente hai un documento elaborado para o seu estudo cunhas liñas de reforma fundamentais do réxime local.

Di que a reforma do réxime local tamén foi proposta polo PSOE, o que dá idea de que hai un consenso de reforma por parte dos dous partidos maioritarios para facer unha reforma da administración local.

Respecto das Deputacións, di que os representantes de todos os partidos políticos deste concello menos EU forman parte da Deputación Provincial da Coruña, que por ela xa pasaron outros presidentes e ninguén propuxo antes unha modificación e que agora, cando o PP goberna e está na maioría das deputacións, é cando se propón.

De seguido intervén o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, quen di que a idea de diminuír concelleiros é do propio PP e que case todas as mocións preventivas que presentaron se cumpriron, de feito en Servizos Sociais xa se está a ver o que pasa coa transferencia de cartos ás deputacións e como se vai facer o financiamento aos concellos. En definitiva, considera que o PP busca facer un sistema máis antidemocrático, menos representativo e manter unha capacidade de poder brutal, porque se quixeran reducir postos políticos reducirían o Ministerio de Cultura ou de Sanidade e o deixarían en Secretarías Xerais, xa que se trata de competencias repartidas entre as Comunidades Autónomas, pero o que interesa é ter unha estrutura e un control férreo dos cartos. Afirma que reducindo os concelleiros tamén se reforza o control do poder e vaise na dirección de externalización, privatización e despido do persoal ou desprazamento a outros ámbitos da administración, escapando do debate democrático de ter en conta aos concellos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que pide que non se meta no mesmo saco ao PP e ao PSOE respecto da reforma da Administración local, xa que todos os partidos están de acordo en facer unha reforma pero non para suprimila senón para darlle máis financiamento e máis competencias e máis capacidade de acción para dar solución aos problemas dos veciños e das veciñas.

Di que hai moitas declaracións de ministros e outros cargos do PP, un borrador de reforma da Lei de bases do réxime local entregado aos distintos grupos do Congreso dos Deputados e entregado á FEGAMP, que é quen fai o documento que se remite ao ministerio en resposta ao borrador remitido polo goberno no que detalla o que quere facer, polo que a moción non é preventiva e pensa que este é o momento de facer propostas e traballar sobre o borrador.

Respecto das Deputacións Provinciais di que mentes existan é lóxico que os demais partidos políticos participen, o que non implica que se aspire a súa supresión, de feito o PSOE levou no seu programa

electoral das derradeiras eleccións a supresión daquelas e tamén se propuxo no Parlamento autonómico.

Prosegue a dicir que a propia FEGAMP criticou a proposta do goberno co beneplácito dos alcaldes dos municipios gobernados polo PP e o goberno de Fene está a defender unha vez máis o que di o ministro ou o que di Feijoo sen mirar o que debería defender, que son os intereses deste Concello.

Remata dicindo que esta reforma vai supor unha alteración da democracia, de forma que se actualmente en Fene hai 17 concelleiros, 6 concelleiros do PP fronte a 11 que están na oposición, coa reforma a Fene lle corresponderían 11 concelleiros e o PP estaría próximo á maioría absoluta, cando actualmente está moi lonxe de a obter; o PSOE e o BNG terían unha representación de case a metade e desaparecería a representación de EU, mentres que nos pequenos municipios daría lugar a maiorías absolutísimas do partido máis votado.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo do PP dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o Partido Popular de Fene non vai entrar a pronunciarse sobre o borrador, sobre o que non están a favor nin en contra, que o actual goberno non fixo as contas de como quedaría Fene se o borrador sae adiante xa que veñen a traballar e dille ao voceiro socialista que foi unha mágoa que os anteriores gobernos do PSOE non suprimisen as deputacións cando puideron, xa que así hoxe non se estaría falando disto.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que el está falando do presente e que actualmente hai unhas propostas de medidas que son antidemocráticas e que van limitar a capacidade de actuación no futuro do concello, de tal forma que este país verá diminuída a súa capacidade de representación ideolóxica ademais de potenciar un ente, que ao seu entender, habería que elimina.

Remata dicindo que o PP de Fene escapou do debate pero que hai moitos alcaldes do PP que saben o que é gobernar condicionados polas políticas que veñen dadas das deputacións provinciais e que o tempo dirá se esta moción é preventiva ou non.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e con 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes –amplísima maioría dos concellos galegos – potenciando ás deputacións provinciais.

2. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.

3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.

4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.

5. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal en relación coas medidas adoptadas no Congreso dos Deputados en data 13 de xullo do 2012

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 4 votos a favor do grupo socialista, do BNG e do grupo mixto e 3 abstencións do grupo do PP da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de 29 de agosto do 2012:

<<M^a Carmen Martínez Rodríguez, voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Fene, ó amparo la lexislación vixente presenta, para o seu debate exposición, a seguinte MOCIÓN ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No seu afán de non deixar "títere con cabeza", o Goberno do PP ven de aprobar a supresión da Paga Extraordinaria de Nadal para o conxunto de traballadores das Administracións Públicas. Só así lle saen as contas a un Goberno que pretende aforrar uns 4.000 millóns de euros a costa, novamente, dun dos colectivos que veñen sendo máis duramente castigados dende que se comezou a facer recortes neste país: os funcionarios. Colectivo sobre o que, segundo se rumorea, se prevé facer outro recorte máis: aqueles que dispoñan de paga de produtividade, tamén pasarán a quedar sen ela.

Os traballadores das Administracións Públicas, xunto cós desempregados, son os que están a sufrir máis recortes nos seus dereitos laborais, precisamente porque ó depender as súas retribucións económicas directamente do Goberno, poden ser "castigados" con máis facilidade. Os funcionarios levan varios anos sufrindo mermas nos seus salarios, ben mediante reducións ou conxelacións dos mesmos, e agora se lles aplica outros novos recortes: por unha parte, perderán tres dos seis días de libre disposición dos que dispoñían (os chamados días moscosos) e a maiores, se quedarán tamén sen os días libres adicionais en función da súa antigüidade (os chamados días canosos), e por outra, se lles deixará de abonar a Paga Extraordinaria de Nadal.

Se ben con este último recorte, entendemos que o Goberno quere aforrar cartos (método de aforro có que Esquerda Unida non está de acordo), non sabemos onde está o aforro no recorte dos días de libre disposición.

Dende Esquerda Unida esiximos do Goberno Central que retire estas medidas inxustas, devolvendo ó colectivo de traballadores da Administración Pública, os dereitos que lles corresponden.

Así mesmo, esiximos do Goberno da Xunta que rexeite ditas medidas, mantendo os dereitos dos traballadores da Administración Autonómica.

Esiximos do Goberno Municipal de Fene que rexeite tamén estes recortes aprobados no Congreso, poñendo por diante de ditos recortes totalmente inxustos e inxustificados, os dereitos dos traballadores do Concello, e esixindo ó mesmo tempo que estas medidas non se lles sexan aplicadas ós traballadores do Concello, tanto no que se refire ós días de libre disposición (moscosos e canosos) como no que se refire ó pagamento da Paga Extraordinaria de Nadal, xa que dito pagamento vai contemplado nos orzamentos aprobados polo Pleno da Corporación (6 votos a favor do PP; cinco abstencións do PSOE, e 6 votos en contra de EU e do BNG) para o presente ano 2012.

De acordo con todo o exposto, o Grupo Municipal de Esquerda Unida do Concello de Fene, presenta a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1.- Esixir ó Goberno de España para que anule e deixe sen efecto a medida adoptada no Congreso en data 13 de Xullo de 2012, no que se refire ó disfrute dos días de libre disposición dos traballadores da Administración Pública.
- 2.- Esixir ó Goberno de España para que anule e deixe sen efecto a medida adoptada no Congreso en data 13 de Xullo de 2012, no que se refire ó abono da Paga Extraordinaria de Nadal dos traballadores da Administración Pública.
- 3.- Esixir á Xunta de Galicia para que ditas medidas non sexan aplicadas a ningún dos traballadores pertencentes á Administración Autonómica.

3.- Esixir ó Goberno Municipal de Fene que ditas medidas non sexas aplicadas a ningún dos traballadores pertencentes a dito Concello, permitíndolles disfrutar dos días de libre disposición que teñen asignados, así como abonándolles a Paga Extra de Decembro, cuxa partida económica vai contemplada nos orzamentos do ano 2012.

4.- Dar traslado dos acordos aquí acadados ás Xunta de Galicia e ó Goberno Central.>>

Inicia o turno de debate a voceira do grupo mixto, a concelleira dona María Carmen Rodríguez Martínez, que logo de dar lectura da moción di que independentemente do que supón a perda de poder adquisitivo dos traballadores e a perda que vai provocar no comercio, quere emprazar ao goberno de Fene, que como di a súa voceira, goberna para Fene, para que se posicione neste tema, xa que lle gustaría que as cores políticas non significaran que se actúe contra os traballadores.

Considra que hai subterfuxios para poder pagar a extra e di que ten coñecemento de que a ministra Fátima Báñez vai pagar aos seus colaboradores a paga extra coma gratificacións polos servizos prestados, polo que o que propón é que se manteña esta paga con independencia do concepto polo que se pague.

R respecto dos días libres di que non entende o aforro económico polo que insta ao goberno para que se reúna cos traballadores para que poidan desfrutar dos días libres, considerando que sempre que haxa vontade se pode chegar a acordos cos traballadores.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que di que o PSOE tiña tamén unha moción ao respecto deste asunto, pero consensuouse que a trouxera EU, polo que o compromiso do PSOE coa moción e a proposta de acordo é máximo. Entende que o sector público está sufrindo especialmente esta crise, afectándolle medidas xerais e outras específicas que son inxustas persoal e socialmente para o conxunto dos cidadáns deste país, pois o goberno atacou ao único colectivo que tiña capacidade de gasto e consumo para poder reactivar a economía.

Entende que se fai moita demagogia co colectivo dos funcionarios para tapar outras medidas, acusándoos de privilexiados, vagos e incluso de maleantes, e inda que como en todos os colectivos hai de todo, cre que en xeral os funcionarios traballan, moito e ben. En relación cos días moscosos e canosos di que foron concedidos aos funcionarios, na maioría dos casos, a cambio de non subir os seus salarios como pasou co sector privado, polo que non son privilexios.

Di que este colectivo sufriu unha redución inicial dun 5% do seu salario; agora suprímese a paga extra de Nadal que supón un 7,5% aproximadamente; tamén sufrirán a suba do IVE que se calcula nun 2% do salario, máis a segunda suba deste imposto que supón un 3% do salario; isto, xunto cos días de libre disposición que se suprimen e que equivalen a outro 3% do salario, moito menos do que no seu día renunciaron coa suba do IPC, supón que nun ano os traballadores do sector público sufriron unha perda do 20,5% do seu salario.

Prosegue dicindo que un traballador público que no ano 2009 gañaba 1.000 euros hoxe gañaría 800 euros reais e que é certo que os traballadores públicos poden facer un esforzo como fan o resto dos traballadores, pero considera que neste caso é esaxerado.

Afirma que o que hai detrás é un intento de desmantelamento do sector público, xa que onde non hai funcionarios nin administración florece o negocio privado, poténciase as subcontratacións e os encargos a empresas privadas que fagan o mesmo traballo que fan os funcionarios a un prezo máis caro, sen un control efectivo e socialmente cunhas condicións máis inxustas e precarias.

Anuncia que van votar a favor da moción, xa que a pesar da dificultade que hai de poder pagar a paga extra podendo respectar a Lei, tamén é certo que onte se coñeceu a nova de que o goberno da Rioxa atopou unha fórmula legal para poder facer efectiva a paga de Nadal anticipando a xaneiro a paga extra do vindeiro xuño.

Propónlle ao grupo de goberno que estude as solucións que pode haber, xa que ten claro que o Real Decreto é ilegal porque o goberno do Estado non pode decidir se o goberno de Fene debe ou non pagarlles aos seus funcionarios, vulnerando así a súa autonomía local.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, que di que o seu grupo tamén ten unha moción semellante, polo que procede facer un único debate. Considera que esta é unha medida máis das prácticas erráticas que tomou o PP (que está tomando moitas medidas para favorecer ás multinacionais alemanas e francesas), o cal aprobou os seus orzamentos e 15 días despois, cando xa se comezou a devengar dita paga extra, a eliminan. É, por tanto, unha medida improvisada, que atenta contra a autonomía local, a negociación colectiva e contra todo aquilo que se respecta nun Estado de Dereito co único argumento da crise, e, por riba, non se di onde hai que poñer os cartos que se van quitar, xa que, anúnciase que no 2015 irá a un

fondo de pensións, polo que se tratará doutra multinacional e, polo tanto, os cartos irán para os seus propietarios e para quen cobre dividendos.

Considera indignante que se diga que por aforrar se vai quitar a paga extra dos traballadores do sector público, pero non se di nin para que se está a aforrar, máxime cando os orzamentos xa están aprobados; ademais de que, en todo caso, se os traballadores de Fene queren facer un plan de pensións no futuro, será unha cuestión de negociación colectiva e non unha cuestión imposta dende o goberno.

En definitiva, entende que na práctica é unha medida máis que vai directamente na baixa dos salarios, xa que detrás dos salarios públicos van os privados e que a baixada de salarios xunto coa suba dos impostos o que fai é que a maioría da poboación sexa máis pobre e teña menos para consumir, que a gran maioría é a que ten que pagar o que gastaron uns poucos e o Estado é o que vai pagar os intereses dos cartos que lle teñen que prestar.

Remata dicindo que hai dous modelos a seguir, ou ben o modelo portugués e o modelo grego, que están igual que España e levan dous anos de vantaxe ou ben poden mirar cara arriba, Islandia, Dinamarca ou aqueles países que toman medidas diferentes mirando cara á xente e non para os especuladores.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocio Aurora Bértoa Puente, que di que desgraciadamente o colectivo dos funcionarios é a segunda vez que se ve afectado polos recortes coa supresión da paga extra de Nadal e que hai que ter claro que se trata dunha norma que lle vén imposta aos goberno municipais.

Di que o alcalde de Fene, igual que dixeron outros alcaldes, dixo que hai que cumprir a norma, xa que igual que os veciños e veciñas cumpren a Lei, as institucións tamén o teñen que facer.

Engade que Fene ten orzamentados os cartos para o pagamento deste soldo pero que hai unha norma que impide o seu pagamento e que a moción de EU requirelle ao alcalde que busque o xeito de facer efectivo o pagamento, pero que non se atopa tal xeito, xa que mesmo os funcionarios que elaborarían os informes preceptivos que o farían posible, tampouco atopan o xeito.

Igual que o recorte do ano 2010 foi cumprido e ninguén solicitou incumplir a norma, agora tiñan pensado instar á oposición a que digan a fórmula para afrontar este pago e vendo a proposta do voceiro do PSOE, tentarán, se é posible, adoptar medidas semellantes. Di que o compromiso do goberno de Fene é cumprir a norma e se existe algún tipo de medidas legais que se poidan tomar para facer dito pagamento, o farán.

Seguidamente intervén a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen di que dende aquí a decembro hai catro meses por diante para atopar unha medida e que xa dixo na moción que lle dá igual o xeito, que toda Lei ten a súa trampa pola porta de atrás e empraza aos catro partidos políticos para que atopen o xeito de pagar a paga extra de Nadal, sen esquencerse dos días de libre disposición, que non son días regalados senón días concedidos en concepto de compensación, polo que este colectivo está a perder dúas veces polo mesmo motivo. Empraza aos grupos políticos a facer as reunións que fagan falta para tentar de atopar unha solución para os traballadores do concello.

O concelleiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, invita a que se consulte a legalidade da posibilidade de pagar con gratificacións extraordinarias aos funcionarios.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, para aclarar que, aínda que non vai duplicar o debate, xa que o fondo é o mesmo, si vai manter a súa moción xa que non propón o mesmo, dado que os empregados públicos dende hai máis de 16 anos non tiveron ningunha suba salarial, xa que nos gobernos de Aznar, cando se subiu algo foi o 2%, porcentaxe inferior ao IPC segundo se viña aplicando nos convenios colectivos; di que só houbo algunha suba no 2010 con Zapatero, suba que logo se contrarrestou coa merma do 5%, pero cunha diferenza, que se dixo para que era, isto é, para o pagamento de débeda e que no caso de Fene supuxo unha diminución duns douscentos mil euros de débeda bancaria.

Engade que ninguén falou de incumplir a Lei e que aínda que sexa de dubidosa legalidade, dentro da autonomía dos concellos, hai marxe para xogar e se todos os grupos políticos que están no Pleno están de acordo e manifestan abertamente a súa posición, pódese chegar a un acordo.

De seguido intervén a concelleira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bertoa Puente, que di que este goberno ten toda a vontade para chegar a acordos pero non ten a capacidade nin a competencia para resolver ningunha cuestión nin a favor nin en contra, que o que está claro é que os cartos existen e que están orzamentados e que non se vai facer ningún pagamento en concepto de paga

extra, que se hai algunha vía para poder facer o pagamento o vai facer, que o goberno toma as decisións e estas teñen que vir avaladas con informes técnicos. Prosegue a concelleira instando á voceira de EU a que o punto 3 da moción se poida emendar engadindo "sempre que se atope unha medida legal que ampare a base legal desas medidas" e di que respecto dos puntos 1 e 2 non se van pronunciar, do mesmo xeito que xa dixeron das outras mocións.

A concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, di que prefire esperar a manter unha xuntanza os catro grupos para solventar este problema.

O alcalde intervén para dicir que só se trata de engadir base legal para poder votar a favor da moción, xa que, en caso contrario, se terían que abster.

A concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez di que ao mellor a base legal non é a mesma para o PP que para os demais e que prefire manter o texto tal e como está.

A concelleira dona Rocío Aurora Bertoa Puente di que a base legal é a mesma para todo o mundo e o alcalde anuncia que, entón, o seu grupo se vai abster, engadindo que pensa que a adenda que propoñen non afecta ao contido e pregúntalle á concelleira do grupo mixto se lle está a pedir ao goberno municipal que cometa unha ilegalidade, respostando a señora Martínez Rodríguez que seguro que non coinciden no termo "base legal".

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

1. Esixir ó Goberno de España para que anule e deixe sen efecto a medida adoptada no Congreso en data 13 de Xullo de 2012, no que se refire ó goce dos días de libre disposición dos traballadores da Administración Pública.

2. Esixir ó Goberno de España para que anule e deixe sen efecto a medida adoptada no Congreso en data 13 de Xullo de 2012, no que se refire ó abono da Paga Extraordinaria de Nadal dos traballadores da Administración Pública.

3. Esixir á Xunta de Galicia para que ditas medidas non sexan aplicadas a ningún dos traballadores pertencentes á Administración Autonómica.

4. Esixir ó Goberno Municipal de Fene que ditas medidas non sexas aplicadas a ningún dos traballadores pertencentes a dito Concello, permitíndolles gozar dos días de libre disposición que teñen asignados, así como abonándolles a Paga Extra de Decembro, cuxa partida económica vai contemplada nos orzamentos do ano 2012.

5. Dar traslado dos acordos aquí acadados ás Xunta de Galicia e ó Goberno Central.

6. Aprobación, se procede, da moción do grupo mixto municipal en relación ás manifestacións da deputada Andrea Fabra

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 4 votos a favor do grupo socialista, do BNG e do grupo mixto e 3 abstencións do grupo do PP da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de 29 de agosto do 2012:

<<M^a Carmen Martínez Rodríguez, voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Fene, ó amparo da lexislación vixente presenta, para o seu debate e exposición, a seguinte MOCIÓN ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Estes días todos os medios de comunicación fixéronse eco das palabras verquidas por Andrea Fabra no Congreso dos Diputados, palabras que reproducimos literalmente ó tenor do visto: "Así, así, muy bien, muy bien, muy bien. ¡Que se jodan!". Ditas palabras foron ditas cando o Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, estaba a dar conta dos novos recortes que van a afectar ó colectivo de desempregados do noso país, un colectivo que está case nos seis millóns de persoas.

Se xa de por si foron lamentables os aplausos entusiastas dos deputados do PP no momento en que o Presidente do Goberno falaba dos recortes, as palabras de Andrea Fabra, que non deixan lugar a dúbida algunha, son, ó entender de Esquerda Unida, motivo máis que suficiente para esixir a súa dimisión xa que parece que ela non ten intención de dimitir por si mesma, nin o PP a intención de obrígalas. Parece que neste partido político todo ten cabida.

Pese a que Andrea Fabra tentou convencernos de que as súas palabras ían dirixidas ó PSOE, unha vez visionado o vídeo vese con claridade que non é así. Mesmo á súa saída do Congreso, un numeroso grupo de persoas a agardaba para pedirlle explicacións, e ditas explicacións traducíronse nun xesto soez que tamén se pode ver.

Andrea Fabra, deputada por Castellón, e cuxo único "mérito" consiste en ser filla de Carlos Fabra (que está a ser xulgado por delitos de tráfico de influencias e fraude fiscal, entre outros, e para o que a fiscalía anticorrupción pide unha pena de quince anos de cadea), non destaca por ningún currículo nin académico nin laboral. Está ademais a percibir unha cuantía de 1.823,86 euros mensuais en concepto de "dinero extra para aloxamento", pese a que o seu enderezo oficial está en Madrid, concretamente na Urbanización La Finca.

Pero sen afondar xa nesta e noutras materias referidas a esta persoa, e que serían moi cuestionables, en Esquerda Unida entendemos que unha deputada que demostra semellante falta de respecto e de educación no Congreso, onde se supón que está para representar os intereses de todos os cidadáns; que se dirixe con tal expresión ("¡ique se jodan!") a un colectivo tan duramente castigado como son os desempregados, debería de ter, cando menos, a honestidade de recoñecer o seu gravísimo erro (por calificalo dalgún xeito), pedir desculpas públicamente, e presentar a súa dimisión.

De acordo có exposto, o Grupo Municipal de Esquerda Unida do Concello de Fene, presenta a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- Instar ó Goberno de España para que, de xeito inmediato, esixa á Deputada Andrea Fabra a desculpase publicamente con todos os cidadáns do país, e especialmente có colectivo de desempregados.

2.- Instar ó Goberno de España para que, logo de proceder á obrigada desculpa, a deputada Andrea Fabra presente a súa dimisión como Deputada.

3.- Dar traslado ó Goberno Central do acordo aquí acadado.>>

Inicia o turno de debate a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que, tras dar lectura á moción, di que no PP ás veces semella que non teñen a mesma medida para todo o mundo, xa que a esta señora non se lle esixiu nin sequera desculpas públicas.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que non se lle esixiu nin desculpas nin a dimisión, porque seguramente os que estaban sentados ao seu lado tamén pensaban o mesmo; considera que esta persoa non merece a súa atención, nin que se fale dela, polo que anuncia o voto positivo á moción.

De seguido intervén o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro D. Manuel Polo Gundín, quen pide ao Partido Popular que lle pida a esta deputada, e por extensión a todos os parlamentarios, un manual de educación e boas prácticas.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, a concelleira D^a Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que se trata dun tema de educación con independencia de a quen se referise e que é totalmente condenable por toda a sociedade e polo Partido Popular e que non sabe se sería dabondo pero que debería pedir perdón.

Non obstante, considera que moitas das cousas que contempla a moción feita pola concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez tamén se poderían aplicar ás súas manifestacións, pedíndolle que faga todo o que solicita na súa moción, como as colgadas o 9 de abril en Facebook que dicían "las mujeres del PP me producen un asco que no puedo soportar", ás que un amigo seu lle respondeu "aún estas a tiempo de cambiar el titular...", contestando a concelleira dona María Carmen Martínez

Rodríguez: "de eso nada, y no pongo todo lo que pienso, me dan asco, me gustaría ponerlas en fila y escupirlas a la cara, son una vergüenza del sexo femenino".

A concelleira dona Rocío Aurora Bertoa Puente dille a concelleira do grupo mixto que cando se é representante do pobo e se ocupa un sitio nun Pleno, hai que ser respectuosa con todo o mundo, que no seu ámbito familiar se non ten educación ou non a quere usar, é cousa dela, pero que aquí non se está para educar a ninguén e pídelle que teña respecto para todas as mulleres.

Prosegue a dicirlle á concelleira do grupo mixto que despois é a primeira en defender ás mulleres no día da muller traballadora dicindo cousas como que o PP non respecta ás mulleres na súa ideoloxía nin na súa liberdade ou que lles recorta co tema do aborto, pero entende que se lle enche moitas veces a boca con demagogia e hipocresía facendo alusión a isto.

Remata dicindo que dende aquí condenan a Andrea Fabra, que condenan todas as actuacións deste tipo e condenan tamén a súa actuación e que por iso instan á concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez a que tamén pida desculpas a todas as mulleres do Partido Popular e que respecte o seu cargo.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira D^a María Carmen Martínez Rodríguez que di que lle parece ben, pero que hai que explicar o contexto desas palabras, xa que pertencían a unhas declaracións feitas por Ana Botella na que dicía que os mendigos en Madrid non se podían ter, porque daban mal exemplo e ensuciaban as rúas.

Afirma que mantén esas declaracións, as cales, en todo caso, as fai de forma pública e en determinados contextos fronte a declaracións de Ana Botella, Esperanza Aguirre ou a señora Cospedal que son lamentables.

Reitera que mantén as súas declaracións e dille á concelleira dona Rocío Aurora Bertoa Puente que non fai como ela, que ao mellor nun sitio fai unhas declaracións e logo noutros acóchase e as nega.

A continuación fai uso da palabra a concelleira dona Rocío Aurora Bertoa Puente que lle di á concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez que fixo comentarios ao lado da foto da alcaldesa de Madrid, que independentemente diso ten que saber o sitio que ocupa, que representa parte do pobo que forma parte desta Corporación municipal, que realmente cando veu isto lle fixo gracia e que os seus compañeiros, que son a maioría homes, lle quixeron dicir algo ao respecto na Comisión. Remata dicindo que dende aquí o Partido Popular de Fene lle insta a que pida desculpas ás mulleres do Partido Popular.

De seguido intervén a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez que di que no momento en que o Partido Popular pida a dimisión de Andrea Fabra ela vai pedir desculpas, aínda que non estea de acordo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

1. Instar ó Goberno de España para que, de xeito inmediato, esixa á Deputada Andrea Fabra a desculpase publicamente con todos os cidadáns do país, e especialmente có colectivo de desempregados.

2. Instar ó Goberno de España para que, logo de proceder á obrigada desculpa, a deputada Andrea Fabra presente a súa dimisión como Deputada.

3. Dar traslado ó Goberno Central do acordo aquí acadado.

7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para impedir a perda do poder adquisitivo das empregadas e empregados públicos afectados polo Decreto 20/2012

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 4 votos a favor do grupo socialista, do BNG e do grupo mixto e 3 abstencións do grupo do PP da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de 29 de agosto do 2012:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto

público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.

Até o de agora, o “programa de reformas” executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que “as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos”, asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal

en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

2. Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.

3. Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.>>

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro D. Manuel Polo Gundín, que di que non vai reproducir o dito na anterior moción, que no punto terceiro caben todas as posibilidades que se queiran tomar neste sentido.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro D. Iván Puentes Rivera, que anuncia o voto positivo e se remite ao explicado e debatido anteriormente, que o fondo é o igual.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o fondo da moción presentada e anuncia o voto a favor.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bertoa Puente, que di que queren propoñer, igual que fixeron anteriormente, engadir un cuarto punto que diga que se estableza a base legal para adoptar estas medidas.

O concelleiro don Manuel Polo Gundín di que a moción non entra a valorar a legalidade ou ilegalidade dunha medida compensatoria de perda do poder adquisitivo dos empregados públicos, que non se pide que se faga nada ilegalmente, xa que a anterior moción pedía ao goberno que pagase a paga extra e esta moción non esixe nada disto, senón que queren que se faga unha compensación no marco dunha negociación colectiva.

Remata dicindo que o seu grupo está disposto a sentarse co equipo de goberno e cos traballadores para estudar as propostas.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

2. Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.

3. Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

8. Aprobación, se procede, da declaración dos festivos locais para o ano 2013

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por unanimidade dos concelleiros presentes (7) da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de 29 de agosto do 2012:

<<O 20 de agosto do 2012 recíbese oficio da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no que se solicita que se determinen os dous días de festa local no termo municipal de Fene, de carácter retribuído e non recuperable, para o ano 2013.

Polo anterior, propónse que o Pleno do Concello de Fene, previo ditame da comisión informativa correspondente, acorde:

Declarar como festivos locais as seguintes datas:

13 de febreiro de 2013	Mércores de cinza
6 de agosto de 2013	San Salvador

>>

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

9. Aprobación, se procede, do convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de bombeos da obra "Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol (EDAR)"

Consta no expediente o seguinte ditame favorable por 3 votos a favor do grupo do PP e 4 abstencións do grupo socialista, do BNG e do grupo mixto da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de 29 de agosto do 2012:

<<O 7 de agosto do 2012 ten entrada no Concello de Fene un oficio do Concello de Ares no que se axunta o Convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de bombeos da obra "Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol (EDAR)" aos efectos da súa aprobación plenaria durante o mes de setembro.

Emitidos os preceptivos informes por parte da secretaria e da intervención municipais propónse que, previo ditame da comisión informativa correspondente, o Pleno do Concello acorde:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de bombeos da obra "Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol (EDAR)" que se transcribe,

"

CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE BOMBEOS DA OBRA "Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol" (EDAR)

No Concello de _____, a ____ de _____ de 2012

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:

CONCELLO DE ARES, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo.
CONCELLO DE FENE, Dn. Gumersindo Galego Feal.
CONCELLO DE MUGARDOS, Dn. Xosé Fernández Barcía.

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigar nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- O artigo 26 LBRLL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de bombeos da obra "Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol" (EDAR) e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

Quinto.- A lexislación sectorial relativa ao servizo que se pretende prestar establece que Entre todos os servizos de carácter xeral o abastecemento e saneamento de augas é un servizo de carácter obligatorio que todo Municipio debe prestar con independencia do número de habitantes (artigo 26 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local de 2 de abril de 1985 e artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia), e que indisolublemente está ligado ás competencias atribuídas ós municipios en materia de protección do medio ambiente e salubridade pública. Igualmente o servizo de depuración de augas residuais urbanas foi declarado de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o artigo 6 da lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección de calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas.

Sexto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sétimo.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Oitavo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e

maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Noveno.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Décimo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do seguinte SERVIZO : BOMBEO DA OBRA "Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol" (EDAR), mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de bombeo da EDAR da zona norte da ría de Ares e na zona sur de ría de Ferrol a prestar de forma compartida entre os concellos de Ares-Fene e Mugardos.

Segunda.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente a Ares, Fene e Mugardos.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

Cuarta.- Xestión compartida do servizo.-

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Ares e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, contratación administrativa, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Cando a encomenda de servizos sexa recíproca entre as entidades asinantes do Convenio, deberá determinarse expresamente a forma de levala a cabo por cada unha das entidades asinantes do convenio.

Debe determinarse un catálogo de condicións en que se debe levar a cabo a encomenda de xestión.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación. -

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada polos Alcaldes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Ás súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo e, proposta da periodicidade para o abono das cantidades á que se refire a cláusula 9ª.
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, non seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta. - Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas. Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán no prazo máximo de dous meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima. Medios persoais e materiais.-

Cada concello pormenorizará no anexo ao presente convenio as condicións en que se poderán adscribir determinados medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento do servizo.

Oitava.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo poderán solicitarse axudas.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o servizo será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Novena.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello unha vez entren en vigor os respectivos orzamentos ou a súa modificación, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse ás aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será determinado e proposto pola Comisión Mixta á vista dos custes do servizo, garantindo a proporcionalidade e igualdade no reparto das cargas.

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo no seu termo municipal.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado da

Intervención dá relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décimo.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor ou día da súa sinatura e estendera a súa vixencia durante o prazo de duración da actual concesión administrativa.

Décimo Segunda - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta , en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.”>>

Inicia o turno de intervencións o alcalde para dicir que o que se prevé é que os tres concellos, Fene, Ares e Mugarbos, fagan un convenio respecto dos bombeos da estación depuradora de Chanteiro en Ares, facer unha Comisión Mixta de coordinación que faga un pouco máis operativa a súa licitación e posterior control da explotación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que di que a única preocupación que tiñan era que Fene non soportase ningún bombeo dos outros concellos e que cada quen pagase a auga e residuos que bombee á EDAR, que o convenio aclara este extremo e lle parece axeitado que se comparta este servizo, polo que van votar a favor e non ten ningunha obxección.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro D. Manuel Polo Gundín, que di que coinciden que é un método axeitado o acordo entre concellos para toda a rede de bombeos pero anuncia que se van abster, xa que non queren obstaculizar, pero que preguntaron en varias ocasións polo custe/repercusión que terá para os veciños isto sumado ao canon de saneamento e ao que pretende Aquagest e pensa que habería que ter unha visión máis ampla e de conxunto respecto deste tema.

Seguidamente o alcalde di que a potencia dos bombeos si que está cuantificada, que Fene terá que facer un pagamento aproximado de 256.991,95 euros máis IVE e que aínda hai que engadir, xa que aínda non chegou ningún dato das empresas que van facilitar un estudo económico, os gastos de persoal necesarios e de eliminación de residuos, aínda que di, esta partida é mínima.

A continuación fai uso da palabra a concelleira D^a María Carmen Martínez Rodríguez que di que lle gustaría saber os custes que isto suporá, aínda que anuncia o voto favorable.

Seguidamente o alcalde di que facilitarán os datos, que os datos dos bombeos xa foron dados coa salvedade de que os dous últimos, que eran os máis caros e aos que vertemos os tres concellos custan 172.000 euros ao ano pero son asumidos pola Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos, 6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto, con 5 abstencións do grupo do BNG.

10. Aprobación, se procede, da Ordenanza reguladora das axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais

Consta no expediente providencia da alcaldía de 29.6.2012, informe de intervención de 27.6.2012, proposta da presidencia da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade con borrador de ordenanza e o seguinte ditame favorable por 3 votos a favor do grupo do PP e 4 abstencións do grupo socialista, do BNG e do grupo mixto da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade:

<<PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE

A exposición de motivos da Ordenanza, determina, entre outros "...a conveniencia de elaborar unha Ordenanza Xeral de Subvencións que contemple as actividades de tipo social, cultural e deportivas, e outras, cuxas convocatorias son as máis frecuentes no ámbito municipal, precisamente polo seu carácter complementario dos servizos públicos tradicionais, e desta forma, cumprir coas obrigacións legais impostas, previas a aprobación das diferentes convocatorias de subvencións."

De acordo co que se dispón no artigo 8 da Ordenanza xeral, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Nos artigos 8 e seguintes da ordenanza regúlase o devandito procedemento, que resulta de aplicación para a aprobación das bases específicas de cada procedemento e a súa correspondente convocatoria, e que establece a regulación mínima que debe cumprirse.

Despois de ver o expediente da correspondente Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais.

Esta Presidencia propón que a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade, ditamine favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais, que se transcribe como anexo á presente proposta.

SEGUNDO. Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Fene, 29 de xuño de 2012
A Presidenta da Comisión,
Asdo.: Juana Barro Couto

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS ECONÓMICAS MUNCIPAIS PARA A ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2 k) atribúe ó municipio competencias en materia de prestación de servicios socialis e de promoción e reinserción social.

Pola súa banda, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servicios sociais de Galicia, no seus artigos 4, 8 e 21, establece a regulamentación básica das prestacións para a Inserción Social- Emerxencias Sociais destinadas a persoas ou familias que se atopen en situación de carencias.

Será de aplicación á presente Ordenanza o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e regulamento de desenvolvemento, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene.

Neste sentido, o artigo 17 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, establece que as bases reguladoras de subvencións das corporacións locais se deberán aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións. A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene foi aprobada inicialmente, en sesión plenaria de 30 de marzo de 2007 e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia o 15 de xuño de 2007.

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación da convocatoria e do réxime xurídico xeral das axudas municipais para a atención de necesidades sociais que otorgue o Concello de Fene figurando entre os obxectivos da presente ordenanza adaptar as disposicións de carácter xeral da Lei 38/2003 ás peculiaridades do Concello de Fene establecendo esixencias mínimas, criterios e procedemento para a concesión destas axudas.

ARTIGO 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A ordenanza ten por obxecto a regulación das axudas municipais destinadas á atención de necesidades sociais, entendendo por tales o conxunto de axudas e prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos, situacións de emerxencia social, previr situacións de exclusión social e favorecer a plena integración de sectores de poboación que carezan de recursos económicos para a atención das súas necesidades básicas.

ARTIGO 2.- TIPOS DE AXUDAS.

Establécense as seguintes tipoloxías de axudas en función da necesidade plantexada e a súa valoración polos Servicios Sociais Municipais, cuxa concesión estará sempre condicionada á existencia de dispoñibilidade orzamentaria así como ó cumprimento dos requisitos xerais de acceso e específicos de cada axuda dacordo co fixado na presente ordenanza:

- a)Axudas económicas de emerxencia social.
- b)Axudas económicas de apoio ás familias para a atención ó menor e discapacidade.
- c)Axudas económicas para o pago de taxas municipais (auga, saneamento e lixo).

A tipoloxía c) será incompatible coa concesión da exención de taxas municipais ao abeiro do recollido na Ordenanza nº7, reguladora da taxas pola subministración de auga, Ordenanza 17 reguladora da taxa polo servizo de saneamento, e ordenanza nº 18 reguladora da taxas pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos

Poderase cursar unha única solicitude anual de cada un dos tipos de axudas, agás certos casos en que se poda presentar unha segunda solicitude cando concorran criterios socioeconómicos obxectivos valorados a criterio técnico tales como:

- Desamparo o precariedade económica posterior á primeira solicitude.
- Urgencia na necesidade.
- Infortunio familiar.
- Outros a valorar polo equipo técnico.

Ademais, nos casos seguintes, a presentación da solicitude de axuda realizarase:

- No caso de axudas para gastos de escolarización, posteriormente ao inicio do curso escolar.
- No caso de axudas para gastos derivados do pago de Taxas Municipais, no derradeiro trimestre do ano.

ARTIGO 3.- BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as personas ou familias residentes e empadronadas no Concello de Fene e que cumpran os requisitos establecidos para a súa concesión dacordo co seguinte:

Requisitos Xerais:

1. Ser maior de idade ou menor legalmente emancipado.
2. Ter nacionalidade española ou extranxeira con residencia legal en España. Con carácter excepcional, poderán ser tamén beneficiarias as personas extranxeiras, calesqueira sexa a súa situación administrativa en España, que se atopen nunha situación de desprotección ou en grave risco social.
3. Que exista a necesidade real e obxectiva do solicitado.
4. Estar empadroadado/a no Concello de Fene e con residencia efectiva no mesmo cunha antigüidade mínima de 3 meses inmediatamente consecutivos á data da solicitude.
5. Non ter sido beneficiario/a de axudas ao abeiro desta mesma convocatoria no decurso do mesmo exercicio económico ou doutras convocatorias de organismos supramunicipais para o mesmo concepto, agás circunstancias de especial gravidade que se valorarán, e do recollido no apartado III das presentes bases.
6. Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no art. 13 e 3 da Lei xeral de subvencións (BOE. nº 276 de 18/11/2003).
7. Non ter débedas co Concello de Fene.
8. Cumprir cos requisitos económicos para acceso ás subvencións, recollidas nas presentes bases, así como as condicións de acceso específicas para as modalidades incluídas nos apartados correspondentes.
9. Non dispoñer de máis dun vehículo (coche) na unidade familiar calquera que sexa o seu titular, agás as subvencións destinadas ao pago de taxas, que non se poderá ser titular de ningún vehículo na unidade de convivencia.

Requisitos Económicos

VI.b. 1) Ingresos regulares da unidade de convivencia:

Valorarase o conxunto de ingresos percibidos por cada unha das persoas que constitúen a unidade familiar de convivencia, e procedentes de retribucións, pensións, subsidios, prestacións, salarios ou rendas regulares e/ou irregulares de calquera natureza.

Terase en conta os ingresos líquidos, logo dos descontos correspondentes ao IRPF e seguridade social.

Para obter a contía dos ingresos anuais sumarase o conxunto de ingresos líquidos obtidos nos 6 últimos meses anteriores á data da solicitude multiplicandoos por 2 para obter o conxunto dos ingresos anuais. Desta contía descontarase os gastos derivados do pago do alugueiro e/ou amortización da vivenda, segundo corresponda. A contía resultante, dividirase entre 14 para obter os ingresos mensuais.

Nos casos nos que quede acreditado que no momento da solicitude non se cobra ningún tipo de ingresos ou a minoración destes sexa do 50 % dos ingresos que se estaban a percibir, terase en conta esta circunstancia para o cómputo dos ingresos anuais e posterior aplicación da subvención que corresponda; isto é, computaranse os ingresos actuais, do mes da solicitude, ou no seu caso, o seu defecto deles, para realizar o cálculo final que se indica no parágrafo anterior.

VI.b. 2) Capital mobiliario:

Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta aos recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen os 3.000 euros en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomarase o saldo recollido na certificación bancaria a 31 de decembro de cada ano). Exceptúanse a modalidade C) no que se limitará o saldo bancario a 2.500 euros.

VI.b. 3) Capital Inmobiliario:

Que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar, non sexa propietaria e/ou usufructuaria de bens inmoebles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou

calquera forma de explotación, indiquen de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para atender ao gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade referente á vivenda destinada ao uso propio sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do Salario Mínimo Interprofesional Vixente para cada ano.

VI.b. 4) Outras condicións económicas da unidade familiar:

10. Non figurar, o/a solicitante nin outro membro da unidade familiar, como titular de industria, comercio ou calquera outro negocio con persoal asalariado.
11. Que o/a cabeza de familia que estea en situación de desemprego e se non consta na oficina do INEM, que proceda a darse de alta como demandante de emprego.

Excepcións:

O/A instructor/a do expediente poderá valorar con carácter excepcional a aquelas solicitudes que, non cumprindo algún dos requisitos ou condicións esixidas nestas bases, presenten, ao seu xuízo, circunstancias persoais, familiares ou socioeconómicas de especial gravidade que lle fagan precisar o beneficio regulado nas mesmas, previo informe.

ARTIGO 4.- PERCEPTORES

Poderán ser perceptores das axudas:

- a) Os propios solicitantes e beneficiarios das axudas.
- b) As entidades ou personas designadas para a súa percepción así como os provedores dos bens e servizos para os que se concede a axuda.

ARTIGO 5.- CONTÍA DAS AXUDAS.

A contía das subvencións que se concedan, se establecerá en función do conxunto dos ingresos da unidade familiar de convivencia.

Asemade esta táboa marcará o acceso ou non acceso ás subvencións definidas na modalidade a), b) e c) (para o suposto de tratarse de desempregados) do artigo 2 para aquelas persoas ou familias que superen os ingresos nela establecidos.

Número de membros na unidade de convivencia	Límite de ingresos económicos familiares	Tramos de ingresos	Porcentaxe da subvención en función da contía máxima a subvencionar
1 persoa 115 % do IPREM	Ate o 115 % Iprem 612,38 euros/mes. 8.573,32 euros/ano (14 pagas)	Inferior ao 60 % IPREM, inferior a 319,51 euros/mes e 4.473,08 euros ano	100 %
		Maior do 60 % e ate o 75 % IPREM, ate 399,38 euros/mes e 5.591,36 euros ano	80 %
		Maior do 75 % e ate o 90 % IPREM, ate 479,26 euros/mes e 6.709,63 euros ano	70 %
		Maior do 90 % e ate o 100 % IPREM, ate 532,51euros/mes e 7.455,14 euros ano	60 %
		Maior do 100 % e ate o 110 % IPREM, ate 585,76 euros/mes e 7.200,65euros/ano.	50 %
		Maior do 110 e ate o 115 % do IPREM, ate 612,39 e 8.573,41 euros/ano.	40 %

2 persoas	Ate o 160 % do IPREM 852,01 euros/mes. 11.928,22 euros/ano. (14 pagas)	Inferior ao 100 % IPREM, inferior a 532,51 euros/mes e 7.455,14 euros ano	100 %
		Maior do 100 % e ate o 125 % IPREM, ate 665,64 euros/mes e 9.318,93 euros ano	75 %
		Maior do 125 % e ate o 150 % IPREM, ate 798,77 euros/mes e 11.182,71 euros ano	60 %
		Maior do 150 % e ate o 160 % IPREM ate 852,02 euros/mes e 11.928,22 euros ano.	40 %
3 persoas	Ate 185 % IPREM 985,14 euros/mes 13.792,00 euros/ano (14 pagas)	Inferior ao 125 % IPREM, inferior a 665,64 euros/mes e 9.318,93 euros ano	100 %
		Maior do 125 % e ate o 150 % IPREM, ate 798,77 euros/mes e 11.182,71 euros ano	75 %
		Maior do 150 % e ate o 175 % IPREM, ate 931,89 euros/mes e 13.046,5 euros ano	60 %
		Maior do 175 % e ate o 185 % do IPREM, ate 985,14 euros/mes e 13.792,00 euros ano.	40 %
4 persoas	Ate o 210 % do IPREM Ate 1.118,27 euros/mes. Ate 15.655,79 euros/ano (14 pagas)	Inferior ao 175 % IPREM, inferior a 931,89 euros/mes e 13.046,5 euros ano	100 %
		Maior do 175 % IPREM, e ate 190 % IPREM, ate 1.011,77 euros/mes e 14.164,77 euros ano	75 %
		Maior do 190 % e ate o 200 % IPREM, ate 1.065,02 euros/mes e 14.910,28 euros ano	60 %
		Maior do 200 % e ate o 210 % IPREM, ate 1.118,27 euros/mes e 15.655,79 euros ano.	40 %

A partir do 5º compoñente, engadiranse 100 euros ao mes por cada persoa máis que forme a unidade de convivencia, sumándose á táboa anterior de 4 membros.

ARTIGO 6.- SOLICITUDES, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN.

A solicitude dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Fene acompañada da documentación requirida na presente ordenanza, se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Fene, sen prexuízo do establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

O procedemento iniciárase de oficio ou a instancia de parte. Os expedientes serán incoados de oficio cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen. Se se inicia

de oficio deberá garantirse na súa tramitación os requisitos e circunstancias documentais fixados para o caso de que se iniciase a instancia de parte.

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto con carácter permanente dende o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro do ano en curso, condicionado en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ó custo das axudas en cada un dos exercicios orzamentarios.

A solicitude deberá de acompañarse a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos para a obtención das axudas. Sen carácter restrictivo, será necesario adxuntar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante e das personas maiores de 16 anos pertencentes á unidade de convivencia ou tarxeta de residencia (NIE) ou pasaporte, no caso de ser extranxeiros.
- b) Fotocopia do libro familia e/o título de familia numerosa, no caso de existencia de menores na unidade de convivencia.
- c) Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio e/ou do convenio regulador, no seu caso. Fotocopia da demanda ou sentenza de falta de pagamento de pensións, no caso de que se solicite expresamente.
- d) Fotocopia da última Declaración da Renda ou, no caso de non ter obriga de presentala, certificado negativo da Administración de Facenda cos datos fiscais de todos/as os/as convivintes maiores de 18 anos ou dezaseis se traballan.
- e) Fotocopia dos 6 últimos recibos de alugamento ou amortización da vivenda, no seu caso.
- f) Fotocopia do último recibo de contribución, para vivendas en propiedade.
- g) Xustificantes económicos de todos/as os/as membros/as da unidade de convivencia maiores de 18 anos (ou dezaseis se traballan) e referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibo/s de pensión/s, certificados de vida laboral, certificados do Inem, e outros, segundo se lle indique.
- h) Declaración xurada de ingresos económicos da unidade de convivencia, no modelo que se achega xunto ao anexo de solicitude.
- i) Certificado/s das contas bancarias que se posúan por tódolos membros da unidade familiar e referidos ao saldo existente a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior á solicitude.
- j) Certificado e/ou informe do servizo ou recurso para o que se solicite a subvención.
- k) Orzamentos do gasto que se solicita, adaptados á situación de necesidade. /(Poderanse rexeitar si son elevados ou inapropiados).-
- l) Declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no art. 13 da lei xeral de subvencións (BOE. nº 276 de 18/11/2003).
- m) Informes de IBI, urbana, rústica, IAE e IVTM, o que se comprobará de oficio, previa solicitude da/s persoa/s interesada/s.
- n) Declaración xurada de non ter solicitado nin percibido ningunha axuda que cubra os mesmos conceptos para os que se solicita a subvención e de que está ao corrente nas obrigas fiscais e coa seguridade social.
- o) Volante de empadramento e convivencia, con indicación do tempo de residencia no Concello de Fene.
- p) Fotocopias compulsadas dos recibos pagados de auga, saneamento e lixo, segundo corresponda correspondentes ao ano da solicitude, para as persoas que se acollan á modalidade C).
- q) Autorización da persoa solicitante da axuda ou do seu representante legal ou gardador de feito e dos demais membros da unidade familiar cuxos ingresos son computables, conforme ao modelo de solicitude ao Concello de Fene, departamento de servizos sociais, para a consulta das bases de datos municipais e comprobación da veracidade dos datos declarados.
- r) Calqueira outro documento que os Servizos Sociais Municipais estimen oportunos para acreditar o cumprimento dos requisitos para a percepción das axudas ou para complementar ou actualizar a información.

Aquela/s solicitude/s na/s que se observen a falla de documentación necesaria para a súa valoración, será requirida por escrito ao interesado/a para que, no prazo máximo de 10 días dende a recepción da comunicación, presente a documentación solicitada indicándosele que, de non presentala, se lle terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que deba ser ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

ARTIGO 7.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento polo cal se establece a concesión destas axudas será o de concorrencia competitiva, mediante o estudo pormenorizado de cada unha das solicitudes presentadas e a súa adaptación ós criterios de valoración establecidos na presente ordenanza.

Unha vez completada a documentación, realizarase o estudo da demanda e da situación socioeconómica do solicitante e demais membros da unidade familiar. Para iso, os Servizos Sociais terán en conta os documentos presentados, entrevistas mantidas, visitas domiciliarias ou outros extremos que foran considerados de interese polas traballadoras sociais do concello encargadas de valorar a situación de necesidade emitindo informe final no que se cuantifique o importe da axuda.

Recibidas as solicitudes de subvención, a valoración e exame das mesmas levarase a cabo polas traballadoras sociais do Concello que deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da valoración efectuada. A traballadora social elevará informe con proposta de resolución á Alcaldía, que resolverá o expediente previo informe de fiscalización e sen prexuízo da delegación de dita competencia de conformidade coa lexislación de réxime local.

O informe con proposta de resolución emitido pola traballadora social instrutora do expediente deberá expresar:

- Finalidade da subvención.
- Importe
- Forma de pago.
- Prazo de xustificación.
- Forma de xustificación.
- Que os beneficiarios non son debedores por resolución de procedencia de reintegro doutras axudas ou fose declarada a perda do dereito ó seu cobro por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.
- Que as anteriores axudas concedidas polo mesmo concepto, no seu caso, están totalmente xustificadas

ARTIGO 8.- RESOLUCIÓN

O procedemento de concesión será resolto pola Alcaldía, sen prexuízo da delegación de dita competencia de conformidade coa lexislación de réxime local, e deberá de producirse nun prazo máximo de tres meses.

Transcorrido dito prazo sen que se producira resolución expresa e notificado a mesma, o solicitante entenderá desestimada a súa petición por silencio administrativo, segundo prevé o artigo 42 da Lei 30/1992, de RXPAC.

A resolución de concesión deberá expresar:

- Finalidade da subvención.
- Importe
- Forma de pago.
- Prazo de xustificación.
- Forma de xustificación.

Será prioritaria a resolución favorable das axudas destinadas á cobertura das necesidades básicas, entendidas como tales as que van destinadas a cubrir gastos derivados de alimentación, vivenda e outros de acordo cos criterios técnicos do equipo de servizos sociais.

A concesión das axudas estará sempre supeditada á existencia de consignación orzamentaria, por tanto poderanse desestimar por este motivo as peticións que cumpran inicialmente todos os requisitos pero que non se consideren prioritarias.

ARTIGO 9.- NOTIFICACIÓN ÓS INTERESADOS.

O texto íntegro da resolución adoptada será notificada ós interesados no domicilio que a efectos de notificacións figure no expediente e de conformidade co artigo 58 da Lei 30/1992, de RXPAC.

Na notificación que se practique ós beneficiarios da axuda indicarse de modo expreso cales son as condicións que debe cumprir para facer efectivo o cobro da axuda. Así mesmo, indicarse de modo expreso que se no prazo de tres meses a contar dende a recepción da notificación do acordo de concesión non cumprira as condicións establecidas se procederá por parte do Concello á revogación da axuda.

A resolución que deberá ser motivada expresará os recursos que contra a mesma se poden interpoñer.

ARTIGO 10.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Unha vez concedida a prestación económica os beneficiarios deberán:

- a) Aplicar a prestación á finalidade para a que foi concedida.
- b) Comunicar os cambios que se produzan en relación ás condicións xerais e/ou requisitos específicos das prestacións e que poideran dar lugar á modificación e extinción das mesmas, así como calquera outro cambio.
- c) Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou en contía indebida.
- d) Xustificar cos documentos e facturas oportunas a realización do gasto á finalidade que motivou a concesión da prestación económica no prazo máximo, con carácter xeral, de tres meses.

ARTIGO 11.- CAUSAS DE DENEGACIÓN.

Non procederá a concesión das axudas económicas cando se dean algunha das seguintes condicións:

- a) Non cumprir os requisitos esixidos.
- b) Que a axuda solicitada sexa competencia doutros organismos.
- c) Que a prestación económica solicitada non constitúa unha solución adecuada ou non resolva de forma significativa a necesidade plantexada.
- d) Non estar debidamente xustificada a situación de necesidade.
- e) Non completar a documentación requirida.
- f) Non xustificar a percepción de axudas concedidas en ocasións anteriores.
- g) Que non exista crédito para a atención da solicitude.
- h) Que a axuda solicitada sexa para cubrir débedas derivadas do incumprimento de obrigas tributarias con calquera Administración Pública incluída a Seguridade Social.
- i) Que a axuda solicitada sexa para cubrir gastos de asistencia médica ou farmacéutica susceptible de ser prestada na súa totalidade polo SERGAS.

ARTIGO 12.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DAS AXUDAS.

Son causas de extinción das axudas:

- a) O falecemento, renuncia do solicitante.
- b) O desaparecemento das circunstancias ou situación de necesidade que motivou a concesión da axuda económica.
- c) A ocultación ou falsidade nos datos subministrados e que foron tidos en conta para conceder a prestación.
- d) Non adicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
- e) A perda dalgún dos requisitos ou condicións esixidas para ser beneficiario.
- f) Non xustificar a axuda concedida ou non presentar as facturas xustificativas correspondentes para acreditar o destino e emprego adecuado da mesma.

ARTIGO 13.- REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.

No caso de que o solicitante subministrara información falsa ou ocultara datos para obter, manter ou aumentar a prestación económica, ou se concedida esta non presentara as facturas xustificativas da axuda concedida, procederase a iniciar procedemento de reintegro polo órgano competente e poderá ser motivo da denegación en futuras solicitudes de axudas.

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polas persoas beneficiarias da axuda, así coma a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento de solicitar unha nova axuda por un período de 1 ano, ou coas normas de aplicación baseadas na Lei 38/ 2003 de 17 de novembro, General de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

ARTIGO 14.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A xustificación das cantidades recibidas acreditarase mediante factura ou documento que acredite a realización do gasto.

O/A beneficiario/a presentará a través do rexistro de entrada do concello, a conta xustificativa da subvención no modelo de impreso que será facilitado no departamento de Servizos Sociais do concello ó que deberá acompañar cos xustificantes correspondentes.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil. Así mesmo, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados ou ansinados pola persoa beneficiaria.

ARTIGO 15.- PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

O pagamento das subvencións realizarase, no seu caso, na conta bancaria indicada pola/s persoa/s beneficiaria/s no momento da solicitude.

O pagamento da/s axuda/s poderá levarse, con carácter xeral, a cabo nunha das seguintes modalidades:

1º) – Con carácter xeral, o pago das subvencións abonarase na conta bancaria do/a beneficiario/a unha vez este aporte, no prazo máximo de 3 meses dende que recibe a notificación de concesión, as facturas ou documentación xustificativa que se determine, por importe igual ou superior, segundo corresponda, á contía concedida ou ao orzamento subvencionado.

2º)- Excepcionalmente, e sempre que se xustifique no informe proposta do/a instructor/a do expediente, o pago das subvencións poderase realizar anticipadamente, ata o 100% do importe concedido esixíndose posteriormente a xustificación, debendo aportar neste caso, no prazo máximo de 15 días dende a notificación da resolución de concesión das axudas, as facturas ou documentación xustificativa por un importe igual ou superior, segundo corresponda, á contía concedida ou ao orzamento subvencionado.

3º) Con carácter xeral, as axudas para compra de alimentos serán abonadas directamente ó beneficiario de modo anticipado, esixíndose posteriormente a xustificación debendo aportar neste caso nun prazo máximo de 3 meses dende a notificación da resolución de concesión das axudas, ou, no seu caso, nun prazo inferior cando así se determine no informe do instructor do expediente, as facturas ou documentos con validez no tráfico xurídico mercantil por un importe igual ou superior á contía concedida.

O pagamento das axudas para a compra e alimentos de 1ª necesidade, e sempre que así se recolla no informe do instructor do expediente, poderase realizar de modo fraccionado. Neste caso, será requisito para efectuar o seguinte pagamento fraccionado da axuda, a previa xustificación polo beneficiario do anterior pago. En todo caso, o instructor do expediente revisará que se cumpriu a finalidade da subvención de modo que se destine a mesma á adquisición de alimentos de 1ª necesidade.

Para o caso de que se propoña, previo informe proposta do instructor do expediente, o pagamento das axudas para a compra de alimentos en especie, o importe do gasto abonarase na conta do establecemento comercial segundo a axuda concedida e previa a presentación da factura polo mesmo.

4º) Non obstante o anterior, cando concurren circunstancias que fagan convinte a determinación doutro modo de pagamento, poderase alterar o sistema xeral establecendo, previo informe dos Técnicos de Servizos Sociais, outras modalidades de pagamento (pago fraccionado, axudas en especie, en concepto de anticipo ou previa xustificación, por exemplo).

A modalidade de pago das subvencións e os prazos correspondentes serán recollidos no informe técnico emitido polas traballadoras sociais.

ARTIGO 16.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

Non se concederán axudas destinadas á amortización de débedas contraídas co Concello de Fene ou outras Administracións Públicas nin para o abono de servizos prestados por estas, agás que concorran no solicitante circunstancias moi excepcionais que o fagan aconsellable ou necesario.

Non se poderá ser persoa beneficiaria simultaneamente de máis dunha prestación ou dereito á percepción económica para a mesma finalidade, calquera que sexa a Administración Pública ou privada outorgante. Poderán concederse axudas cando as prestacións económicas dos outros servizos ou administracións non cubran a totalidade do importe da prestación.

Artigo 17.- DO SEGUIMENTO DAS AXUDAS.

Serán os servizos sociais municipais os que realicen o seguimento das situacións de necesidade protexida polas axudas, o destino das mesmas, e poderán solicitarlle ás persoas beneficiarias a información ou documentación que cumpra para comprobar o bo uso das mesmas.

O departamento de servizos sociais en colaboración con outras administracións (Xunta, Educación, Sanidade,...) órganos privados (ACLAD, Cáritas,...) establecerá un sistema de coordinación e transferencia de datos necesarios co fin de realizar o seguimento das axudas concedidas ou solicitadas para garantir o bo uso das mesmas e unha boa distribución dos recursos existentes evitando a duplicidade nas concesións.

ARTIGO 18.- MODALIDADES DE SUBVENCIÓNS.

A.- SUBVENCIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

1) Finalidade das subvencións:

A finalidade desta modalidade, é a concesión de axudas económicas a aquelas persoas e/ou familias en situación económica e/ou social desfavorable e que se destinarán á cobertura das necesidades básicas e/ou outras actuacións de urxente necesidade.

2) Tipoloxía das axudas e contías máximas subvencionables:

A táboa seguinte corresponde á contía máxima sobre a que se aplicará á porcentaxe de subvención correspondente para cada solicitude segundo os ingresos da unidade familiar.

Establécense , como norma xeral, as seguintes contías:

- Alimentación básica: Segundo os membros da unidade económica de convivencia o límite máximo das axudas será:

Nº Membros unidade Económica de Convivencia	Importe máximo
1 ou 2 membros	600 €/Ano
De 3 membros	675 €/ano
De 4 membros	750 €/ano
De 5 membros ou mais	825 €/ano

- Vestuario básico: 150 €/ano por unidade de convivencia. No caso de gastos de vestuario de menores de 18 anos ou aqueles que padezan algunha discapacidade recoñecida oficialmente con grao superior ao 33 % que teñan idade igual ou inferior a 20 anos e presenten dificultades económicas e/ou sociais para acceder aos recursos e/ou servizos necesarios cara a unha axeitada protección social dos/as menores ou discapacitados/as, será de aplicación as contías das axudas previstas no aptdo. B) do presente artigo.
- Medicación: 200 € máximo por ano, tendo en conta as enfermidades crónicas e presentando informe médico xustificativo que indique que dito medicamento non se financia polo Sergas e no caso de que sexa posible, a emerxencia social cubrirá o 40% do custo (ou porcentaxe non financiado polo SERGAS), financiándose a porcentaxe restante a través de receita médica.
- Gastos de vivenda: habitabilidade, gastos de mantemento da mesma, gastos de formalización de contrato de aluguer, pago de aluguer ou cotas de amortización. Nestes casos o importe total non poderá exceder de 600 euros no prazo máximo de 1 ano.
- Impago de suministros da vivenda (luz, gas,...), o importe máximo en ningún caso excederá de 150 € no prazo máximo de un ano.
- Outros a determinar, debidamente xustificados: neste caso o importe máximo non excederá de 600 € no prazo máximo de un ano.

As axudas poderán ser en especie, e consistir tanto na adquisición e bens e servizos polo Concello como na directa prestación coa actividade, servizo, axuda ou reparación de que se trate por parte do personal municipal ou baixo a dependencia ou responsabilidade desta entidade.

B) SUBVENCÍONS DE APOIO ÁS FAMILIAS PARA ATENCIÓN AO MENOR E DISCAPACIDADE.

1) CONCEPTO e Finalidade:

Estas subvencións van destinadas ás familias con fillos e fillas en convivencia, menores de 18 anos ou aqueles que padezan algunha discapacidade recoñecida oficialmente con grao superior ao 33 %, teña idade igual ou inferior a 20 anos que presenten dificultades económicas e/ou sociais para acceder aos recursos e/ou servizos necesarios cara a unha axeitada protección social dos/as menores ou discapacitados/as.

As subvencións teñen por finalidade a de cubrir os gastos habituais e/ou extraordinarios que se lles presentan ás familias con menor nivel de recursos económicos derivados da atención dos seus fillos e fillas.

2) Tipoloxía de axudas e contía máxima subvencionable:

En cada solicitude so poderán ser subvencionados 2 conceptos dos sinalados a continuación, establecéndose un límite máximo para as axudas nesta tipoloxía a de 1.800 euros anuais.

Tipoloxía da Axuda	Máxima contía a subvencionar, ano.
Gastos básicos: roupa e calzado Límite por menor.	500 € 180 €
Gastos por nacemento dun/ha fillo/a.	700 €
Gafas (límite 400 euros), gastos odontolóxicos e outros debidamente xustificadas.	1.000 €
Comedor escolar.	540 € 60 euros ao máximo ao mes.
Gasto de escolarización: adquisición de libros e material escolar para todos os cursos, límite por menor: Para Educación Infantil o límite por menor sitúase en:	200 € 100 €
Outros, a determinar e debidamente xustificadas.	400,00 €

Na tipoloxía da subvención por "gastos por nacemento de fillos/as" concederanse exclusivamente nos casos de denegación das subvencións que conceden ou poidan conceder outras Administracións por nacemento de fillos/as, ou ben por non ter acceso ás mesmas ao non cumprir requisitos básicos. Este concepto, no seu caso, concederase no primeiro ano de vida do/a menor sendo incompatible coas tipoloxías definidas no apartado de "emerxencias sociais".

Na tipoloxía de axudas de integración do menor, estas serán subsidiarias das que concede a Xunta de Galicia para a mesma finalidade, debendo cursar estas en primeira instancia.

3) Condicións específicas de acceso aos gastos de escolarización:

- Menores escolarizados/as no termo municipal que cursen os estudos de educación obrigatoria, e carezan de subvención ou outras axudas de idéntica natureza.
- Cubriranse os costes derivados da adquisición de libros e material escolar, e material complementario como son: dicionarios, atlas, libros de lectura obrigatoria entre outros.
- En todos os casos subvencionarase o 100 % da contía máxima indicada ou gastos realizados, sempre que os gastos non sexan inferiores á contía da subvención.
- A persoa solicitante deberá realizar a solicitude posteriormente ao inicio do curso escolar achegando xunto á mesma, a relación, emitida polo centro escolar onde se cursa os estudos, dos libros que deberán comprar do curso para o que soliciten, e a/s factura/s do gasto correspondente. Para o material escolar será suficiente a aportación das facturas de adquisición do mesmo.

C) AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS O PAGO DE TAXAS MUNICIPAIS (AUGA, SANEAMENTO E LIXO).

1.) Definición e finalidade das subvencións:

Estas subvencións van destinadas a cubrir os gastos dos recibos anuais de auga, saneamento e lixo para persoas e/ou familias en situación de desemprego ou pensionistas mínimos que, polas súas condicións socioeconómicas, se vexa necesaria a concesión desta subvención apoiando así a aquelas persoas e/ou familias en situación económica máis desfavorecida. As subvencións cubrirán os gastos indicados do ano natural no que se cursa a solicitude.

2) Tipoloxía, contía e forma de pago das subvencións:

Existen as seguintes tipoloxías de subvencións:

Tipoloxía da Axuda	Máxima contía a subvencionar.- 100 % coste
Subvención para o pago da auga e saneamento	107,00 €
Subvención para o pago de auga	50,00 €
Subvención para o pago de saneamento	35,00 €
Subvencións para o pago do lixo zona urbana (90% custo)	70,05 €
Subvencións para o pago do lixo zona rural (90% custo)	91,19 €

Esta solicitude deberase cursar no derradeiro trimestre de cada ano, establecéndose o prazo máximo de xustificación de tres meses dende a data de notificación da concesión da axuda.

En todo caso ás persoas e/ou familias que presenten recibos por importes inferiores ás contías máximas subvencionables, se lles aboará o 100% das mesmas.

3.) Requisitos específicos para esta modalidade de subvención,:

a)- No caso de persoas en situación de aluguer, vivenda cedida en precario ou propiedade de familiares, as persoas solicitantes deberán presentar os correspondentes recibos actualizados do pago a nome do/a dono/a da vivenda e xustificar debidamente a residencia no domicilio para o que se solicita a subvención.

En caso de dúbidas, as persoas interesadas deberán acreditar que non teñen concedida a exención a través das Ordenanzas Reguladoras correspondentes.

b) Táboa de ingresos máximos para poder acceder á subvención (Suposto de pensionistas mínimos. No caso de personas desempregadas, será de aplicación a táboa de ingresos prevista no artigo 5º).

Número membros de unidade de convivencia	Límite de ingresos económicos familiares	Tramos de ingresos
1 persoa	Pensión mínima de xubilación da seguridade social para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.	8.218,00 €/ano 587,00 €/mes
2 persoas	Pensión mínima de xubilación da seguridade social para maiores de 65 anos e con cónxuxe a cargo.	10.690,40 €/ano 763,60 €/mes
3 ou mais persoas.	120% do Salario Mínimo Interprofesional.	10.775,52 €/ano 769,68 €/mes

c) Capital mobiliario: Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta aos recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen os 2.500 euros en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar, independentemente do número de titulares das contas bancarias. (Tomarase como referencia o saldo recollido na certificación bancaria a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior á solicitude).

Todas aquelas familias que superen este saldo bancario, aínda que reúnan o resto dos requisitos, non poderán beneficiarse destas axudas, agás casos de especial gravidade que se valorarán.

Artigo 19.- CONFIDENCIALIDADE:

Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa Lei de Servicios Sociais de Galicia.

Igualmente, estarase ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 20.- CRÉDITO ORZAMENTARIO:

O importe global máximo destas axudas será o fixado anualmente nos orzamentos xerais municipais.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As solicitudes de axudas que se atopen en trámite ou fase de recursos na data de entrada en vigor das presentes bases, resultarlles de aplicación o disposto na mesma en todo o que lle sexa favorable.

DISPOSICIÓN FINAL

As presente ordenanza entrará en vigor trala súa publicación no BOP segundo o establecido na normativa sobre réxime local.

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e regulamento de desenvolvemento da mesma, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene.>>

Inicia o turno de debate o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que di que non van impedir que se aprobe esta ordenanza porque pensa que é necesaria pero anuncia a abstención porque hai cuestións que non compartían antes, cando gobernaban, e moito menos agora no momento de crise no que se está, como o feito de que a propiedade dun vehículo en xeral sexa motivo para impedir que un veciño deste Concello poida obter unha axuda ou unha exención, algo que non lle semella coherente, xa que a día de hoxe non lle parece un artigo que xustifique a non posibilidade de optar a unha axuda municipal. Engade que tampouco comparten que os usuarios que reciban axudas teñan que adiantar cartos ao Concello ou que, respecto das axudas escolares, que se esixa que, para poder optar a elas, o curso xa estea iniciado, xa que iso implica un adiamento de cartos por parte das familias e cre que bastaría con esixir a matriculación ou optar por fórmulas como a do cheque de material que facilite poder chegar ao inicio do curso co material necesario.

En xeral hai cuestións que queren mellorar, que a concelleira lles transmitiu a posibilidade de falalas e melloralas pero que, pola urxencia que ten, había que aprobar previamente esta ordenanza, polo que van permitir a súa aprobación coa abstención e resérvanse o voto favorable cando volva esta ordenanza coa introdución das cuestións explicadas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, o concelleiro D. Manuel Polo Gundín, que di que se van abster porque entenden que estas propostas deberían ter un debate máis amplo, que non negan a evidencia de que o concello necesitaba mellorar neste sentido, que ademais do xa comentado polo voceiro do PSOE respecto da posesión dun vehículo di que tamén hai que facer alusión aos signos visibles de riqueza que aínda que non se acrediten documentalmente, poidan ser acreditados cun informe social das circunstancias concretas dunha familia. Cre que este tipo de familias tamén poden acceder a unha axuda puntual, xa que unha cousa son axudas de emerxencia social e outras as exencións por diversas causas e para isto entenden que habería que buscar perfís de axudas moito máis áxiles ou con prazos moito máis marcados, como as que poden ser as vinculadas coas axudas aos estudantes para que as familias poidan ter unha previsión, con tempo, das axudas que terán.

En definitiva cre que a ordenanza ten que adaptarse a cada un dos perfís que atende e que é bastante farragosa na súa redacción e que para el unha ordenanza ten que axudar xa dende a súa propia letura.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, quen di que segundo o falado na xuntanza confían en que se lle dea unha nova redacción á ordenanza segundo os puntos falados, que lle preocupa que en moitos casos haxa que adiantar os cartos e que logo se tarde moito en pagar, polo que van facilitar a súa aprobación absténdose coa esperanza de que se corrixan as cousas segundo o falado na xuntanza pasada.

Seguidamente intervén o alcalde que di que o goberno terá en conta as suxestións feitas e agradece a aprobación rápida deste texto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

PRIMEIRO. Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas económicas municipais para a atención de necesidades sociais anteriormente transcrita.

SEGUNDO. Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no tableiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederáse a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

11. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación se procede da compatibilidade dun segundo posto de traballo do traballador municipal Lino Ameneiro Seijo

Sometido a votación, acadando un resultado a favor da unanimidade dos concelleiros, o asunto queda incluído na orde do día, someténdose á aprobación do pleno a seguinte proposta da alcaldía que conta con informe do técnico de Administración Xeral don Fernando Aradas García de 18.7.2012 no que se conclúe que << Á vista do exposto, debe terse en conta, fundamentalmente, o disposto no punto terceiro deste informe. Debería constar informe favorable da Universidade da Coruña – Departamento de Enxeñería Industrial sobre a compatibilidade co seu posto principal de funcionario de carreira do Concello de Fene

Por último, sinalar que debe ser o Pleno do Concello de Fene, previo ditame da comisión informativa correspondente, o que debe acordar a concesión ou denegación da compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ó Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, Lino Ameneiro Seijo, para a impartición de docencia na UDC / E.P.S. de Ferrol en réxime de Profesor Asociado a Tempo Parcial P06 cunha duración do 3 de maio do 2012 ó 30 de setembro do 2012. No caso de concederse a referida compatibilidade deberá adoptarse un acordo expreso polo Pleno do Concello de Fene no que se autorice a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas en base a razóns de especial interese para o servizo.>>:

<< PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 27 de abril do 2012 solicítase, por parte de do Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, Lino Ameneiro Seijo, autorización de compatibilidade para a impartición de docencia na UDC / E.P.S. de Ferrol en réxime de Profesor Asociado a Tempo Parcial.

O 2 de xullo do 2012 requírese por parte do Alcalde a subsanación da solicitude para que acreditara que a relación contractual de profesor asociado vai ser de duración determinada e determinara se as retribucións por ambos postos de traballo superarán ou non os límites retributivos sinalados na Lei 53/1984 para o desempeño de dous postos de traballo no sector público.

Emitido informe por parte do Técnico de Administración Xeral deuse trámite de audiencia ó Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, Lino Ameneiro Seijo, aportando escrito o 28 de agosto do 2012.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene adopte o seguinte acordo:

Conceder a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ó Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, Lino Ameneiro Seijo, para a impartición de docencia na UDC / E.P.S. de Ferrol en réxime de Profesor Asociado a Tempo Parcial P06 cunha duración do 3 de maio do 2012 ó 30 de setembro do 2012 e autorizar a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas en base a razóns de especial interese para o servizo.

Fene a 29 de agosto do 2012
A alcaldesa accidental
Rocío Aurora Bértoa Punte>>

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o pleno municipal acorda:

Conceder a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público ó Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, Lino Ameneiro Seijo, para a impartición de docencia na UDC / E.P.S. de Ferrol en réxime de Profesor Asociado a Tempo Parcial P06 cunha duración do 3 de maio do 2012 ó 30 de setembro do 2012 e autorizar a superación dos límites retributivos establecidos na Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas en base a razóns de especial interese para o servizo.

12. Mocións

Non se presentan.

13. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Hai novidades do convenio entre Fene e o Ministerio de Fomento para ampliar o polígono Vilar do Colo? Resposta o alcalde que ten que ser obxecto de valoración de todos os grupos municipais e que o foro axeitado será na revisión do PXOM.
- ¿Hai novidades para a creación dun ente de conservación do polígono Vilar do Colo?, ¿avanzouse algo, neste sentido, co Concello de Cabanas ou cos empresarios?. Resposta o alcalde dicindo que ten sobre a mesa o regulamento que vai rexer ese ente, que está pendente de revisalo e pasalo ao Concello de Cabanas.
- ¿Como está o convenio de conservación de estradas que o concello asina habitualmente con Estradas de Galicia e coa Deputación Provincial?. Resposta o alcalde que xa se fixo chegar á Xunta de Galicia e á Deputación a necesidade dos desbroces.
- ¿Cando se vai pintar o paso de peóns diante da capela de San Marcos? Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Painceiras dicindo que xa se solicitou á Deputación o pintado do paso de peóns e un sinal de limitación de velocidade a 50 Km/h.

- ¿Cando se vai arranxar o camiño do Sartego?, tamén pregunta se a solución adoptada é a definitiva. Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Paineiras dicindo que está arranxado e que se aglomerará co rebacheo xeral.
- No cruce do camiño da Casa Vella e o Sartego hai un furado feito por Aquagest que xunto con outros pide que se arranxen. Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Paineiras dicindo que falará con Aquagest.
- ¿Ten previsto o goberno municipal tomar algún tipo de medidas ante a Xunta de Galicia respecto do centro de saúde?, di que no mes de agosto o servizo foi desastroso, estivo sen matrona e sen farmacéutica, que hai reducións ata o 50% dos médicos de familia ou o caso do dentista, que só vén os xoves e non se pode pedir cita previa. Quere saber se se fixo algo e se non, roga que se fale coa Xunta de Galicia para solucionalo. Resposta o alcalde dicindo que saben que houbo incidencias, que falaron co Xerente da Área de Ferrol quen lles confirmou que se non se cubriu algunha baixa.
- ¿Hai previsión de respostar a algún escrito dos presentados pola concelleira dona María Carmen Silvar Canosa pedindo unha copia do prego do servizo de limpeza de instalacións deportivas? Resposta o alcalde que está na páxina web do Concello, que sabe que o pediu por escrito e que se non se lle contestou aos cinco días é que o ten na Secretaría á súa disposición.
- ¿Que previsión ten o goberno sobre o inicio das actividades na piscina de Centieiras, se a piscina está apta para o baño e se Eulen xa ten todo o material para o inicio das actividades? Contesta a concelleira D^a Rocío Aurora Bértoa Punte dicindo que Eulen xa ten todo o material e incorporou máis maquinaria, que esta fin de semana vaise facer un curso de mergullo e que se encargou un informe dun técnico competente, que foi acompañado polo xestor de instalacións deportivas para ver o estado no que se atopa a piscina; que se fixo a limpeza do almacén e se está arranxando o que se alicatará con cemento no vaso da piscina.
- Respecto do colexio dos Casais pregunta, ¿vai haber un conserxe no inicio do curso e que fórmula se vai adoptar para cubrir a praza? O concelleiro D. Alejandro Dopico Rodríguez di que si vai ter conserxe, que seguirá o funcionario que xa estaba alí.
- Di que recibiron queixas dos veciños das Chancas que non poden ver a televisión porque reciben o sinal do repetidor da Casa do Concello e non funciona ben, polo que roga que se arranxe.
Contesta o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez que veu unha empresa a comprobar e non veu problema ningún máis que cos canais HD.
- Roga que se arranxen os problemas de augas que ten unha veciña de Maniños, no cruce do camiño do Castiñeiro. Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Paineiras dicindo que van esperar a que se aglomere a estrada para logo actuar.
- ¿Que previsión hai ante o inicio das actividades escolares no Concello? ¿hai algunha dificultade nalgún centro de ensino? A concelleira D^a Juana Barro Couto di que de momento non se sabe nada ata que comece o curso o día 12; que os datos de alumnado a finais de xullo eran máis ou menos os mesmos, baixando o colexio de Limodre de 8 a 6 alumnos. Engade que no colexio de Limodre e nos Casais diminúe un mestre en cada colexio e que se extingue un aula na Xunqueira e que o curso da Galescola comezou onte e quedan 3 prazas libres.
- Pregunta pola valoración que fai o goberno municipal do informe da Xunta de Galicia ao informe de aprobación inicial do PXOM. Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Punte que di que ten moitas deficiencias e foi remitido ao equipo redactor para proceder a subsanalas.
- ¿Como está a cesión do baixo do bloque 10 de San Valentín ao Concello? Resposta o alcalde dicindo que xa pasou por Secretaría e se suxire que hai un problema respecto do acordo dos cooperativistas porque se falaba dunha coletilla dos usos preferentes e isto está minando a cesión, xa que podería dar problemas en caso de denuncia.
- ¿Que previsión hai para a construción do paso elevado en Perlío? O alcalde di que neste mes supón que pasarán por aquí, que xa expuxo que o inconveniente é que non se pode asinar o convenio sen ter os terreos e hai un problema na parte de atrás do edificio de Servando, sobre o que el propuxo unha solución legal (facéndoa como cesión perpetua), estando a espera de que lle comuniquen se lles vale. Respecto do paso soterrado de Perlío, di que a propietaria que ten a maior parte do terreo non o quere ceder e haberá que expropiar e que as solucións técnicas as ten que dar ADIF.
- Manifesta a súa desconformidade polo coñecemento polos xornais da convocatoria das subvencións ás entidades culturais e deportivas. Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Punte dicindo que se deu conta na Comisión e que mesmo houbo unha reunión coas sociedades.

- ¿En que punto está a sinatura do convenio coa Deputación para poder dar auga aos veciños próximos á Liga de Amigos de Barallobre, logo de que rematen as obras das beirarrúas? Resposta o alcalde respecto da recepción das beirarrúas de Barallobre dicindo que esta semana estivo na Deputación pensando que xa estaba en Patrimonio/Contratación pero aínda non tiñan constancia, que insistirá.
- ¿Ten coñecemento o equipo de goberno que hai traballadores municipais do servizo de limpeza que non usan os uniformes de traballo e traballan sen ningún tipo de distintivo?. Roga que todos os empregados do Concello estean uniformados e se lles facilite roupa de traballo.
Resposta o alcalde dicindo que eses non teñen por que levar o distintivo de Fene, xa que se trata de traballadores dunha empresa contratada polo Concello de Fene.
- ¿Vaise facer algún tipo de limpeza no chan da praza Verde en Perlío Roga que se arranxe. Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Paineiras dicindo que se vai limpar e que se pediu un informe ao xardiñeiro de por que pasa isto, xa que, ao parecer, é por uns bichos.
- Roga que se desbroce e limpe o polígono Vilar do Colo en xeral, especialmente as beirarrúas, as marxes do acceso de Limodre ao polígono.
- Roga que se desbroce a Estrada da Armada e que se solicite á Deputación o arranxo das zanzas que quedaron logo das obras da EDAR. O concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez di que se vai aglomerar.
- Roga que se desbroce a Estrada da Palma e que se solicite á Xunta o mantemento das marxes e o arranxo das zanzas.
- Di que o tractor municipal desbrozou en Conces e que se trata dunha vía autonómica.
- Roga mantemento da estrada de San Marcos.
- Di que recibiron queixas dos veciños do camiño de Trabanca en Limodre, que pensan que é privado e que só se falou cos veciños dunha marxe para estudar a posibilidade de cesión, polo que roga que se fale con todos.
Resposta o alcalde que di que lle informaron mal, que o luns estivo na notaría de Pontedeume onde se está preparando unha escritura de cesión e que non foi o goberno quen foi falar cos veciños senón que quedaron en falar entre eles e que, en todo caso, o vai comprobar.

Por último, o alcalde di que toma nota dos rogos, que os desbroces foron solicitados na Deputación Provincial e na Xunta de Galicia e que a Deputación, para evitar o dobre desbroce, estes últimos anos está desbrozando no mes de setembro ou outubro.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que o alcalde empregue o turno de rogos e preguntas pra o que é, xa que no pleno de xullo o seu grupo abandonou a sesión no apartado de rogos e preguntas en sinal de protesta pola mala utilización que fixo o alcalde deste apartado, xa que o normal é que o rogo se atenda e que a pregunta se conteste e non que se utilice para facer réplicas e contraréplicas ou que o alcalde use opinións do BNG na acta do pleno cando se está a preguntar.
- Roga para que se arranxen os centros de saúde.
- ¿Como están os centros escolares dende o punto de vista da competencia municipal en mantemento? Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Paineiras que se fixeron traballos, o máis importante foi a pasarela de Barallobre.
- Roga que se arranxe a rúa da Fraga, que ten unha ausencia de capa de rodadura que debe ser obra de Aguagest.
- ¿Que problema hai nas obras que se están a facer nos bloques 11 e 12 de San Valentín?. Roga respecto dos plans provinciais, que xa detectaron problemas ou carencias en algúns, que se faga un seguimento das deficiencias que haxa e que se tome nota para as subsanar tan axiña como se poida.
Contesta o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez dicindo que non vai haber problema respecto da praza en San Valentín.
- Roga que se repoña o WC na praia de Maniños e que recibiron queixas do estado da fonte de Piñeiro en Maniños.
Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Paineiras que se cambiou co gallo do festival do Río Castro e a invasión vikinga e mandou devolve-lo ao seu lugar, pero o vai confirmar.
- ¿Canto tempo vai durar a orde de servizo que se lle deu á Policía Local que impedirá atender a entrada e saída dos centros escolares ás 8 e ás 15 horas? e ¿que criterios se seguiron para a súa redacción? ¿ por que só se atende o centro urbano? Contesta o concelleiro D. Alejandro

Dopico Rodríguez que, segundo dixo na Comisión, se tomou a decisión como consecuencia da demanda dos veciños e para solventar os problemas de tráfico e que logo dun mes, aproximadamente, vaise facer unha valoración do traballo. Considera que é necesaria máis presenza no casco urbano e que segundo o funcionamento, poderase trasladar ás parroquias. En todo caso, di, vanse atender os colexios.

- Roga que se remate a 2ª fase do polígono Vilar do Colo.
A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente di que non se deu conta na Comisión porque recibiu a chamada da Dirección Xeral de Patrimonio o venres pola mañá para ter unha reunión este luns xunto co técnico municipal en Santiago para a delimitación do Camiño de Santiago, un traballo que se comezou no ano 99 pero que nunca tivo uns prazos establecidos para o desenvolver. Di que Fene ten unha proposta clara de modificación da parcela do polígono que está afectada e di que Patrimonio xa o tiña previsto, que se comentou a obra prevista polo SEPES e acordouse ter unha reunión o antes posible co representante de SEPES, Patrimonio e Fene.
- ¿Fíxose algo en relación cunha construción no sendeiro circular entre Cornide e Prismus? Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Painceiras dicindo que hai un informe de Seprona e que a investigación deu con quen tirou os verquidos.

A voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Como está o tema do convenio da auga con Mugardos? Resposta o alcalde que xa se falou con Mugardos e que o está a a revisar Secretaría e Intervención, que espera que no vindeiro pleno extraordinario para aprobar as obras do DTC, se poida incluír a súa aprobación.
- ¿Como está o tema do camiño do Taboado? Resposta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que en fase de exposición pública.
- Pregúntalle ao goberno pola suba das taxas da Galescola. Resposta o alcalde que non teñen coñecemento deste tema, que se informarán e lle contestarán na vindeira Comisión.
- En relación coa orde de servizo da Policía Local di que un mes sen pasar nin unha soa vez polas zonas rurais non o ve normal, que lle chama a atención que teñan que avisar á xefatura se abandonan os servizos asignados só polas mañás.
Contesta o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez que hai un protocolo de actuación para as incidencias previstas e non se deixan de cubrir as zonas rurais.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20:56 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas